

## ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**21 de decembro de 2022**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e un de decembro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asisten os Sres. Deputados Don Uxío Benítez Fernández (BNG) nin Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sra. Presidenta.- Bo día a todas e a todos. Comenzamos o Pleno ordinario do 21 de decembro de 2022.



1.7901.- **ACTA ANTERIOR**

Sra. Presidenta.- No primeiro punto da orde do día. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 25 de novembro do 22. ¿Hai algunha alegación? Queda aprobada entón por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 25 de novembro de 2022.

a) Parte resolutiva:

2.7902.- **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE FORCAREI NA DEPUTACIÓN, PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DE COMPROBACIÓN E INSPECCIÓN ASÍ COMO A LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DE DIVERSOS TRIBUTOS MUNICIPAIS (EXPTES. 2022072735-2022069237)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ó punto 2, na parte resolutiva. Delegación de competencias do Concello de Forcarei na Deputación, para desenvolver as facultades de comprobación e inspección así como a liquidación e recadación de diversos tributos municipais. ¿Hai algunha observación? O someto a votación entón. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Pleno do Concello de Forcarei na sesión que tivo lugar o día 20 de outubro de 2022 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades propias de Comprobación e Inspección así como a liquidación e recadación resultantes da mesma nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación de Pontevedra – ORAL e que consta no expediente.

O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de



xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Polo Servizo de Xestión-Inspección, Servizo Xurídico e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.

De acordo coa proposta emitida pola Dirección de Servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno acorda por unanimidade:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a delegación das facultades de comprobación e inspección, así como a liquidación e recadación resultantes da mesma, de diversos tributos municipais efectuada polo Concello de Forcarei, segundo acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o día 20 de outubro de 2022, nos termos reflectidos no referido acordo que son os seguintes:

“OBXECTO DO ACORDO.

1.- Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, as facultades de:

A realización de actuacións de comprobación limitada no ámbito da xestión das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- Taxa por licenza de obras.
- Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral (Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda



automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos).

- Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.

Inspección das declaracións, autoliquidacións e liquidacións de:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- Taxa por licenza de obras.
- Taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral (Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos).
- Emisión, recadación e revisión das liquidacións resultantes.

## COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA.

Para o normal desenvolvemento da delegación efectuada na Deputación de Pontevedra - ORAL, estarase ás obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa en vigor, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Deste modo, o concello deberá prestar, polos seus servizos técnicos, a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

- A emisión por ditos servizos técnicos, previa petición, dos informes necesarios, no prazo establecido no artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para tramitar as facultades delegadas.
- A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ó pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.



- Poñer á disposición dos servizos tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establece a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Pola súa parte, a Deputación Provincial:

- Porá a disposición do concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo á súa disposición información sobre a situación dos procedementos de comprobación limitada e inspectores levados a efecto.
- A Deputación asumirá a representación e defensa ante os órganos xurisdiccionais, que se levará a cabo polos Letrados do ORAL-Deputación de Pontevedra nos procesos xudiciais consecuencia do exercicio das facultades delegadas e será gratuíta para as entidades delegantes. Os gastos de Procurador, cando fora necesario, serán asumidos polo ORAL-Deputación de Pontevedra. O importe da condena en costas das partes contrarias nun proceso constituirán un ingreso na Tesourería da Deputación de Pontevedra-ORAL. En caso de condena en costas do ORAL-Deputación de Pontevedra, o importe da minuta será asumida pola Deputación salvo que a condena en costas fose consecuencia de sentenza desfavorable que teña a súa orixe en trámites, accións ou omisións causadas pola entidade delegante, suposto no que será asumido por dita entidade.

Normativa reguladora.

A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en especial polas normas plenarias que regulen o funcionamento do órgano ORAL (<https://www.depo.gal/es/orzamento>), e a Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais – ORAL (BOPPO 30/04/2013; 01/10/2021-<https://www.depo.gal/es/normativa> - consolidada) e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.



O concello ten atribuída legalmente a potestade regulamentaria, que, no ámbito fiscal (art. 15 do TRLHL) consiste en acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes. A Deputación ten aprobada unha ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) cuxa función é, entre outras, complementar as ordenanzas municipais. Con todo, en caso de conflito entre ambas regulacións, sempre que verse sobre as facultades especificamente delegadas na Deputación, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia en economía, prevalece o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria, e o municipio, no seu caso, adaptará ou modificará a súa ordenanza. No suposto de desacordo entre ambas administracións, calquera delas poderá revogar a delegación ou a súa aceptación, ben para o artigo ou artigos afectados ou ben para a facultade delegada. En todo caso, a Deputación Provincial de Pontevedra colaborará co concello na actualización ou conformidade coa normativa vixente das ordenanzas fiscais cuxos ingresos foron obxecto de delegación.

Condicións económicas da delegación.

As contraprestacións polo exercicio da delegación son as que se recollen na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos de xestión, inspección, e recadación que se prestan pola Deputación de Pontevedra (BOPPO 30 de decembro de 2014), e no seu caso as súas modificacións previo procedemento legalmente establecido cando o custo do servizo se altere e/ou veñan establecidas por disposicións de obrigado cumprimento.

Confidencialidade.

Terá a consideración de información confidencial toda a información susceptible de ser revelada por escrito, de palabra ou por calquera outro medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que posibilite o estado da técnica no futuro, intercambiada como consecuencia deste acordo, salvo aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal segundo o previsto no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía



dos Dereitos Dixitais, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Con todo, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, a que sexa de acceso público.

As partes obríganse con respecto á información e material que puidesen recibir como consecuencia deste acordo a:

- a) Utilizar a información de forma reservada.
- b) Non divulgar nin comunicar a información facilitada ou recibida, salvo resolución motivada nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- c) Impedir a copia ou revelación desa información a terceiros, salvo que goce de aprobación escrita das partes e unicamente nos termos de tal aprobación.
- d) Restrinxirse o acceso á información aos seus empregados e colaboradores, salvo na medida en que razoablemente poidan necesitala para o cumprimento das súas tarefas acordadas.
- e) Non utilizar a información ou fragmentos desta para fins distintos da execución deste acordo.
- f) Cumprir con todos os termos fixados no presente acordo e moi especialmente aqueles relativos á confidencialidade e obriga de secreto, mantendo esta confidencialidade e evitando revelar a información a toda persoa que non sexa empregado.

Tanto o Concello como a Deputación comprométense a manter o compromiso de confidencialidade respecto á información e material facilitado e recibido en virtude do presente acordo de forma indefinida trala súa finalización.

Protección de datos.

O concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e



no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento as obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente o referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.

A Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

- Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.
- Levar por escrito, segundo o artigo 30 do RGPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
- Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.
- Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
- Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará





convenientemente. O encargado manterá ao dispor do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.

- Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
- Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obriga de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, a requirimento deste, e o máis axiña posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos.
- No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarálles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso a través de <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.
- No caso de que se prevexa a recollida de datos directamente polo encargado do tratamento, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento da recollida destes. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RGPD.
- Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación do incidente, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RGPD.
- Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.



- Implantar as previsións recollidas no Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
  - Garantir a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos sistemas e servizos de tratamento.
  - Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
  - Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
  - Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.
- Comunicar ao responsable a identidade e datos de contacto da persoa delegada de protección de datos da Deputación de Pontevedra que é accesible a través da páxina <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/persoa-delegada>.
- Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

En consecuencia o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos.”

**SEGUNDO.-** As delegacións terán unha vixencia, segundo a base 3 (Delegación de competencias) da Disposición adicional V das Bases de Execución do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra, de dez anos, contados desde a data de formalización dos acordos, prorrogables por períodos de cinco anos excepto denuncia expresa de calquera das partes. A denuncia deberá efectuarse cun prazo dun ano de antelación á data prevista de finalización da vixencia do mesmo.

As delegacións esténdese a todos os ingresos públicos polo concepto ou conceptos delegados que non estean prescritos.



**TERCEIRO.-** Facer público este acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.7903.- **APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2022072625-2022069347)**

Sra. Presidenta.- No punto 3. Aprobación inicial do Regulamento de funcionamento interno do Comité de Seguridade e Saúde da Deputación. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Buenos días a todas y a todos. Muy brevemente queremos destacar que este Reglamento fue objeto de negociación en varias largas sesiones del Comité a lo largo de los últimos años. Y este documento que presentamos es fruto del consenso, quiero resaltarlo, artículo por artículo y apartado por apartado, entre la representación de la parte social y la parte técnica de la representación de la administración en el Comité. La Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de Prevención de Riesgos Laborales, prevé la existencia de un Comité de Seguridad y Salud en todas las empresas y centros de trabajo que cuenten con 50 o más trabajadores, formado de forma paritaria por los delegados-delegadas de prevención y por la empresa y sus representantes. El Reglamento vigente del Comité de Seguridad y Salud de esta Diputación es del año 2004, por lo que no está adaptado, ni muchísimo menos, a la normativa actual, entre otras, a las Leyes 39/2015 y 40/2015, que regulan el procedimiento administrativo común y el régimen jurídico de las administraciones públicas respectivamente, circunstancia esta que en el seno del Comité de Seguridad y Salud fue determinante para mostrar la conveniencia de aprobar un nuevo reglamento. Los objetivos de este reglamento que presentamos para su aprobación son establecer de forma sistemática, ordenada y precisa el funcionamiento del Comité, garantizando la participación colegiada en el diseño de la política de prevención de riesgos laborales y del control de la ejecución de las medidas destinadas a promover la mejora en las condiciones de trabajo. En este reglamento se regulan aspectos relativos a la composición de este órgano, a la duración del mandato, a los derechos y deberes de las personas integrantes del Comité y, principalmente también, el régimen de funcionamiento en cuanto a



convocatoria de las sesiones, forma de adopción de acuerdos, levantamiento de actas, y etc. Quiero hacer un reconocimiento a la parte social en el diálogo y en la negociación de este reglamento porque, como decía al principio, fue por absoluto consenso, artículo por artículo, y creo que es un motivo de satisfacción para todos. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Non hai máis palabras solicitadas. Polo tanto, someto a votación a aprobación inicial do Regulamento de funcionamento interno do Comité de Seguridade e Saíde da Deputación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

En cumprimento do disposto no artigo 38 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais (LPRL), créase o Comité de Seguridade e Saíde da Deputación Provincial de Pontevedra como órgano paritario e colexiado de participación, coordinación e consulta en materia de prevención, no que se atenderán as especialidades de cada posto de traballo co fin de promover os programas adecuados para reducir os riscos laborais e mellorar os ambientes de traballo, perfeccionando os niveis de protección.

Este Regulamento ten como finalidade establecer de forma sistemática, ordenada e precisa o funcionamento do citado comité, e garantir a participación colexiada no deseño da política de prevención de riscos laborais e no control da execución das medidas destinadas a promover a mellora nas condicións de traballo, para cumprir así o disposto no apartado 3 do citado artigo 38, que establece que o comité “adoptará as súas propias normas de funcionamento”.

Dado que o Regulamento en vigor data do ano 2004, vese a necesidade de adaptar o novo documento ao actual marco normativo así como a unha nova realidade cunha importante presenza de trámites que se realizan por vía electrónica. É así que na reunión do Comité de Seguridade e Saíde do 5 de outubro de 2022 propónse aprobar un texto que foi elaborado de maneira consensuada entre todos os membros do Comité como novo Regulamento de funcionamento interno do Comité de Seguridade e Saíde da Deputación Provincial de Pontevedra.

Con data 22 de novembro de 2022 a xefa de Servizo de Recursos Humanos emite informe sobre incoación do procedemento para a aprobación do Regulamento de funcionamento interno do Comité de Seguridade e Saíde da Deputación de Pontevedra (CSV: 8RMWN5NIXP7EA7VV).



Consta no expediente informe favorable de Secretaría de data 1 de decembro de 2022 (CSV: R3M3STJC43UJ81UE), informe de conformidade do Servizo de Prevención de Riscos Laborais de data 1 de decembro de 2022 (CSV: WM5GKQY6CBEVWOA5) e dilixencia de conformidade de Intervención de 1 de decembro de 2022 (CSV: S8ORNQN3I4Z5XXWO).

Considerando o disposto nos artigos 33.2.b) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a competencia para aprobar o presente Regulamento atribúeselle ó Pleno.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

**Primeiro.** A aprobación inicial do Regulamento de funcionamento interno do Comité de Seguridade da Deputación de Pontevedra, cuxo texto é o seguinte:

“REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

#### EXPOSICIÓN

En cumprimento do disposto no artigo 38 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais (LPRL), créase o Comité de Seguridade e Saúde da Deputación Provincial de Pontevedra como órgano paritario e colexiado de participación, coordinación e consulta en materia de prevención, no que se atenderán as especialidades de cada posto de traballo co fin de promover os programas adecuados para reducir os riscos laborais e mellorar os ambientes de traballo, perfeccionando os niveis de protección.

Este Regulamento ten como finalidade establecer de forma sistemática, ordenada e precisa o funcionamento do citado Comité, e garantir a participación colexiada no deseño da política de prevención de riscos laborais e no control da execución das medidas destinadas a promover a mellora nas condicións de traballo, para cumprir así o disposto no apartado 3 do citado artigo 38, que establece que o Comité “adoptará as súas propias normas de funcionamento”.

### CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

#### ARTIGO 1. DENOMINACIÓN

O Comité de Seguridade e Saúde da Deputación Provincial de Pontevedra é o órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións desta Administración en materia de prevención de riscos.



## ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este Regulamento será de aplicación á organización, ao réxime e ao funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde da Deputación de Pontevedra.

## ARTIGO 3. DOMICILIO

O Comité de Seguridade e Saúde da Deputación de Pontevedra ten a súa sede no domicilio do centro de traballo (Pazo Provincial), situado na Gran Vía de Montero Ríos de Pontevedra.

## ARTIGO 4. COMPOSICIÓN

O Comité de Seguridade e Saúde da Deputación de Pontevedra está formado polas persoas delegadas de prevención, dunha parte, e polas representantes da empresa en número igual ao das persoas delegadas de prevención, por outra.

O número de persoas delegadas de prevención recóllese no artigo 35 da LPRL.

A Presidenta ou Presidente do Comité de Seguridade e Saúde será a/o deputada ou deputado delegada/o da Área de Recursos Humanos ou Prevención ou a persoa en quen delegue.

A Secretaría ostentaraa unha persoa integrante do Comité de Seguridade e Saúde, proposta pola presidenta ou presidente e referendado pola maioría dos membros do Comité.

Para a colaboración ou a asistencia nas tarefas administrativas da Secretaría poderase nomear unha funcionaria ou funcionario con capacidade adecuada designada/o pola Presidencia, a quen se lle aplicará o mesmo réxime de sivilo profesional que aos membros do Comité. Non se poderá revelar o contido dos debates nin dos feitos dos que se teña coñecemento no exercicio das ditas funcións.

Nas reunións do Comité de Seguridade e Saúde poderán participar, con voz pero sen voto, as persoas delegadas sindicais e as responsables técnicas da prevención na Deputación que non estean incluídas na composición á que se refiren os parágrafos anteriores. Nas mesmas condicións, poderán participar persoas empregadas desta Administración que conten cunha especial cualificación ou información respecto de cuestións concretas que se debatan neste órgano e persoas técnicas de prevención alleas á Deputación, sempre que así o solicite algunha das representacións no Comité.

Do mesmo xeito, cada unha das representacións que compoñen o Comité pode ser asistida por unha ou varias persoas asesoras en función dos temas que se van tratar.

## ARTIGO 5. DURACIÓN



A duración do mandato das persoas integrantes do Comité de Seguridade e Saúde será de 4 anos.

## ARTIGO 6. CESAMENTO

Cando algunha das persoas integrantes do Comité cese no exercicio da súa actividade, por causas xustificadas, antes de finalizar o período correspondente, a parte afectada designará unha nova persoa representante.

As persoas integrantes do Comité perderán a súa condición por algunha das seguintes causas:

- a) Extinción do mandato.
- b) Renuncia expresa, mediante escrito dirixido á Presidencia do Comité.
- c) Falecemento.
- d) Revogación da representación outorgada polo órgano que a nomeou.
- e) Perda da condición pola que foi nomeada (cargo político, persoa delegada de persoal ou empregada).
- f) Incorrer nalgunha das incompatibilidades legal ou regulamentariamente establecidas.
- g) Calquera outra prevista no ordenamento xurídico.

## ARTIGO 7. GARANTÍAS DAS PERSOAS INTEGRANTES DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE

As persoas delegadas de prevención, como representantes das traballadoras e traballadores, seralles de aplicación o previsto no artigo 68 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos Traballadores, relativo á materia de garantías. O tempo empregado para o desempeño das funcións previstas na LPRL considerárase como de exercicio das funcións de representación para os efectos da utilización do crédito de horas mensuais retribuídas previsto no artigo 68.e) do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no artigo 41.d) do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 10.3 da Lei orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical.

As persoas integrantes do Comité de Seguridade e Saúde computaráselles como tempo de traballo efectivo o correspondente ás reunións do Comité de Seguridade e Saúde e calquera outra convocada en materia de prevención de riscos, así como o destinado ás visitas previstas nas letras a) e c) do número 2 do artigo 36 da LPRL; non se computará como crédito horario con cargo ao previsto no artigo 68.

As persoas que asistan ás reunións do Comité de Seguridade e Saúde deberán gardar sixilo sobre as informacións ás que tivesen acceso por razón do seu cargo.

## ARTIGO 8. COMPETENCIAS

Participar na elaboración, posta en práctica e avaliación dos plans e programas de prevención



de riscos da Deputación. Para o efecto, no seu seo debateranse, antes da súa posta en práctica e no referente á súa incidencia na prevención de riscos, os proxectos en materia de planificación, organización do traballo e introdución de novas tecnoloxías, organización e desenvolvemento das actividades de protección, prevención, proxecto e organización da formación en materia preventiva.

Promover iniciativas sobre métodos e procedementos para a efectiva prevención de riscos, proponendo a mellora das condicións ou a corrección das deficiencias existentes.

## ARTIGO 9. FACULTADES

Coñecer directamente a situación relativa á prevención de riscos no centro de traballo, e realizar, para tal efecto, as visitas que estime oportunas.

Coñecer cantos documentos e informes relativos ás condicións de traballo sexan necesarios para o cumprimento das súas funcións, así como os procedentes da actividade do Servizo de Prevención, no seu caso.

Coñecer e analizar os danos producidos na saúde ou na integridade física das persoas empregadas, co obxecto de valorar as súas causas e de propoñer as medidas preventivas oportunas.

Coñecer e informar da memoria e programación anual do Servizo de Prevención.

## ARTIGO 10. MEMBROS DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE

Correspóndelles ás persoas membros do Comité de Seguridade e Saúde:

- a) Recibir, cunha antelación mínima de 3 días, a convocatoria, que debe conter a orde do día das reunións.
- b) Participar nos debates das sesións e efectuar propostas de actuación.
- c) Formular propostas de orde do día das sesións coa debida antelación, así como rogos e preguntas.
- d) Recibir a información que precisen para desempeñar as súas funcións.
- e) Exercer o dereito ao voto e solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta e formular o seu voto particular motivado por escrito no prazo de 3 días cando discrepe co acordo maioritario.

## ARTIGO 11. COMISIÓNS DE TRABALLO

Para levar a cabo ou facer un seguimento de accións específicas poderanse constituír comisións de traballo. Estas estarán compostas polas persoas integrantes que nomee o Comité de Seguridade e Saúde.

Así mesmo, cando o pleno do Comité así o decida, poderán constituírse comisións de traballo





para o estudo de materias específicas.

Rexeranse polas mesmas normas de funcionamento contempladas no presente Regulamento.

## ARTIGO 12. A PRESIDENCIA E AS SÚAS ATRIBUCIÓN

A Presidencia do Comité de Seguridade e Saúde será nomeada por un período de 4 anos ou o tempo que corresponda en caso de que coincida cun membro representante das persoas empregadas ou con cargos da Corporación provincial.

Correspóndelle á Presidencia do Comité de Seguridade e Saúde:

- a) Ostentar a representación deste Comité.
- b) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, e ordenar as votacións.
- c) Convocar as sesións ordinarias e extraordinarias, en acordo coa Secretaría, e establecer a orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións das demais persoas integrantes, que as formularán coa antelación suficiente.
- d) Visar as actas e certificacións dos acordos nas que se reflicta o contido das sesións e acordos do Comité.
- e) Comunicarlle á empresa os acordos e as medidas propostas para mellorar as condicións de seguridade e saúde das persoas empregadas.
- f) Cantas outras lle sexan atribuídas polo Comité ou pola normativa vixente.

A Presidencia poderá delegar o desempeño das súas funcións nunha persoa integrante do Comité de Seguridade e Saúde.

## ARTIGO 13. A SECRETARÍA E AS SÚAS FUNCIÓNS

Á Secretaría do Comité de Seguridade e Saúde correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Convocar as reunións ordinarias e extraordinarias do Comité por orde e en acordo coa Presidencia, indicando a data, a hora e o lugar, detallando a orde do día e remitindo a información dispoñible sobre os temas que se van tratar.
- b) Levantar acta das sesións do Comité e actuar como notaría dos actos e acordos.
- c) Redactar as actas de cada sesión que deberán conter necesariamente unha relación das persoas asistentes, a orde do día, o lugar e a data de realización, os puntos principais das deliberacións e tamén o contido dos acordos adoptados.

Na acta deberá figurar a solicitude de calquera das persoas integrantes, o voto contrario ou a abstención ao acordo adoptado, e os motivos que xustifiquen unha ou outra. As persoas integrantes que discrepen do acordo maioritario poden expoñer o seu criterio por medio de votos particulares.

Na acta deberán figurar as solicitudes das persoas integrantes e, a petición das



interesadas, os votos particulares de quen discrepe coa decisión da maioría.

- d) Informar, documentar e notificar os actos e as resolucións adoptados polo Comité.
- e) Levar o rexistro, custodiar o arquivo, expedir certificacións e demais documentos.
- f) Ser responsable de toda a documentación e dos fondos bibliográficos que requira o Comité para o exercicio das súas funcións e todos os documentos de arquivo que se produzan como consecuencia da súa actividade.
- g) Recibir e tramitar as peticións e os informes dirixidos ao Comité de Seguridade e Saúde.
- h) Cantas outras lle sexan atribuídas pola Presidencia.  
No caso de vacante, ausencia ou enfermidade, poderá prestar colaboración ou asistencia nas tarefas administrativas unha funcionaria ou funcionario con capacidade adecuada designado pola Presidencia.

## CAPÍTULO II RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

### ARTIGO 14. SESIÓNS

As sesións do Comité de Seguridade e Saúde poden ser de dúas clases:

- A) Reunións ordinarias  
O Comité de Seguridade e Saúde reunirse en sesión ordinaria, polo menos unha vez por trimestre.
- B) Reunións extraordinarias  
Reunirse en sesión extraordinaria cando así o acorde a Presidencia ou o solicite algunha das dúas representacións neste.

As convocatorias das sesións ordinarias, con expresión da orde do día, enviaranse cunha antelación mínima de 3 días á data da súa celebración.

As convocatorias das sesións extraordinarias efectuaranse polo menos con 24 horas de antelación.

A Presidencia convocará, ademais, unha reunión extraordinaria cando se dean circunstancias que así o requiran.

Nas convocatorias deberán figurar os seguintes extremos:

- a) Día, lugar e hora da reunión coa primeira e a segunda convocatoria.
- b) Orde do día.
- c) Documentación adecuada para o seu estudo previo polas persoas membros.



O Comité de Seguridade e Saúde entenderase constituído de forma válida, na primeira convocatoria, cando concorran a Presidencia e a Secretaría ou as persoas que as substitúan e polo menos dúas persoas integrantes de cada unha das representacións no órgano, ou dunha na segunda convocatoria.

## ARTIGO 15. ADOPCIÓN DE ACORDOS

Os acordos do Comité serán adoptados por maioría absoluta.

Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que sexa declarada a urxencia do asunto pola maioría das persoas asistentes.

A Secretaría levantará acta de cada sesión, que contemplará necesariamente unha relación das persoas integrantes, a orde do día, o lugar e a data de realización, os puntos principais das deliberacións e tamén o contido dos acordos adoptados.

Na acta deberán figurar a solicitude de calquera das persoas integrantes, o voto contrario ou a abstención ao acordo adoptado, e os motivos que xustifiquen unha ou outra. As persoas integrantes que discrepen do acordo maioritario poden expoñer o seu criterio por medio de votos particulares, que se xuntarán á acta.

Na acta poderá figurar, a petición da persoa interesada, o voto particular de quen discrepe coa decisión maioritaria.

Os acordos e as medidas adoptados polo Comité de Seguridade e Saúde comunicaránse aos servizos ou centros afectados, co fin de que se leven a cabo no prazo de execución que se determine.

A excepción dos informes que deban emitir as persoas delegadas de Prevención nos supostos aos que se fai referencia no artigo 36.3 da LPRL, cando na deliberación dalgún asunto sexa necesario recoller información adicional para a adopción de acordos, as peticións cursaranse aos órganos ou ás persoas de que se trate e estes deberán emitir os informes solicitados no prazo previsto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se ben non terán carácter vinculante para a adopción do acordo.

## ARTIGO 16. RESPONSABILIDADES E OBRIGAS

As responsabilidades e obrigas do Comité en materia de prevención de riscos e saúde laboral serán as que se contemplan na lexislación vixente.

As persoas compoñentes e asistentes ás reunións do Comité de Seguridade e Saúde gardarán o correspondente sxiilo profesional das informacións ás que tivesen acceso en calidade de membros do Comité.



## ARTIGO 17. INFORMES ANUAIS

Anualmente e en sesión ordinaria, a Deputación presentaralle ao Comité un informe que conteña, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Balance sobre os niveis de aplicación e resultados do plan de prevención.
- b) Resultado dos eventuais controis ambientais ou actividades de vixilancia da saúde.
- c) Resultado das determinacións e avaliacións de riscos efectuadas.
- d) Evolución da sinistralidade, incidencia e frecuencia de accidentes laborais e enfermidades profesionais.
- e) Incidencia de enfermidades que causasen baixa por postos de traballo.

## CAPÍTULO III RÉXIME XURÍDICO

## ARTIGO 18. APLICACIÓN SUPLETORIA DE DISPOSICIÓN

O Comité de Seguridade e Saúde da Deputación de Pontevedra, ademais deste Regulamento, e no non previsto nel, rexerese pola LPRL e polas disposicións de desenvolvemento e cantas outras normas, legais ou convencionais, que conteñan prescricións relativas á adopción de medidas preventivas no ámbito laboral, xunto cos preceptos relativos ao funcionamento dos órganos colexiados da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Ademais, será de aplicación o Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos Traballadores e o Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

## ARTIGO 19. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO

O presente Regulamento poderá ser modificado a petición dun terzo das persoas compoñentes do Comité de Seguridade e Saúde e por acordo das dúas terceiras partes.”

**Segundo.** A exposición pública do Regulamento de funcionamento interno do Comité de Seguridade da Deputación de Pontevedra, por un prazo de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Deputación. Así mesmo, publicarase o texto do Regulamento de funcionamento interno do Comité de Seguridade da Deputación de Pontevedra na páxina web “www.depo.gal” durante ese prazo ao obxecto de dar audiencia á cidadanía afectada e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.



No caso de non presentarse reclamacións, suxestións ou aportacións, ó Regulamento de funcionamento interno do Comité de Seguridade da Deputación de Pontevedra entenderase definitivamente aprobado.

**Terceiro.** Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de ser o caso, ou elevado a definitivo o acordo inicial, de non se formular alegacións, procederase á publicación do texto íntegro do Regulamento de funcionamento interno do Comité de Seguridade da Deputación de Pontevedra, non entrando en vigor ata que se efectúe dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

4.7904.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUÍTA AO CONCELLO DE POIO DO INMOBLE “CASA DE COMBARRO” PARA INSTALAR UN CENTRO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA E DO PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURAL MUNICIPAL (EXPTES. 2022072630-2020054803)**

Sra. Presidenta.- No punto 4. Aprobación inicial do expediente de cesión gratuíta ao Concello de Poio do inmoble “Casa de Combarro” para instalar un centro de promoción turística e do patrimonio histórico cultural municipal. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias de nuevo, Presidenta. También brevemente, a los efectos de exponer el punto que traemos en este caso, es la propuesta de aprobación inicial del expediente de cesión gratuita al Concello de Poio, del inmueble Casa de Combarro, para instalar allí un centro de promoción turística y de patrimonio histórico cultural municipal. Y podemos hacer esta propuesta después de varios meses en los que tuvimos que desenmarañar la titularidad de este inmueble, para convertir definitivamente esta pieza arquitectónica del conjunto histórico artístico de Combarro en un recurso turístico y museográfico de primer orden, que complemente la oferta lúdica a las personas visitantes. Hace unas semanas mantuve una reunión con el alcalde de Poio, D. Luciano Sobral, y con los tenientes de alcalde, Doña Silvia Díaz y Don Gregorio Agís, en la que se dio cuenta de los pasos realizados para aclarar la titularidad, anunciando ya en ese mismo momento la firma de un convenio para la cesión de Casa Barroca, incluyendo su reforma para corregir el deterioro y dejarla en perfectas condiciones de habitabilidad. Así pues, despejadas las cuestiones alrededor de la



propiedad, que se derivaban de la gestión que se hizo en épocas anteriores, abrimos un nuevo tiempo, con rigor y sobre todo, hemos de señalarlo, con seguridad jurídica, porque compartimos los deseos del Concello de Poio, por lo que hoy traemos a la aprobación inicial, como decía, de este convenio en el que se recoge, no sólo la cesión sino la intención de la Diputación de acondicionar esta casa. Y es que entre las obligaciones que asume la Diputación está además de la cesión gratuita: 1. la redacción del proyecto técnico y la ejecución de las obras de mejora de todo el inmueble, hasta un importe máximo de 136.413,82€, IVA añadido; y segundo, realizar los trámites que correspondan para la concesión al Concello de Poio de una subvención nominativa para la redacción y ejecución del proyecto de musealización hasta un importe máximo de 100.000€. De esta forma el concello diseñará el futuro Centro de promoción turística y de patrimonio histórico-cultural municipal, que deberá estar ejecutado en un plazo máximo de dos años, desde la fecha efectiva de transmisión, y destinar dicho inmueble a este mismo fin durante los treinta años siguientes. Remato diciendo que se abre una nueva etapa para Poio, que va a repercutir en grandes novedades para Combarro, y que, Combarro que es una de las postales turísticas de Galicia, y sin duda una de las imágenes más representativas de las Rías Bajas. Hoy, después de todas las circunstancias por las que pasó esta casa a lo largo de su historia, empieza el período en que va a transformar un moderno espacio de promoción turística gracias a la colaboración de esta Diputación del siglo XXI. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Non hai máis intervencións. Polo tanto someto a aprobación este expediente de cesión gratuíta ó Concello de Poio do inmovible Casa de Combarro para instalar un Centro de promoción turística do patrimonio histórico-cultural municipal. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

A Deputación de Pontevedra é propietaria do inmovible denominado “Casa de Combarro”, situado na Rúa San Roque nº 59, no centro histórico de Combarro (Poio), parcela catastral 4479802NG2947N000HB, de 72 m<sup>2</sup> de superficie, edificación composta de dúas plantas, cunha superficie construída total de 133 m<sup>2</sup>. A súa construción data do ano 1850 e foi adquirido pola Deputación mediante escritura pública de compra-venta nº 314 de data 19/02/1958 outorgada ante o notario de Pontevedra D. José Pablo Egerique Villalba.

O Concello de Poio, a través de escrito de data 02/12/2020, solicitou á Deputación o inicio das actuacións tendentes á cesión gratuíta do citado inmovible,



unha vez realizadas as actuacións patrimoniais e de adecuación do inmovible, co fin de destinarse a centro de promoción, información e difusión turística, cultural, e do patrimonio histórico-artístico do concello. Dita solicitude motívase en que a situación de dito inmovible é privilexiada como punto de recepción e referencia para o exercicio das competencias que ten o concello en materia de promoción da actividade turística, cultural e do patrimonio histórico-artístico.

En data 19/01/2021 o Deputado delegado da Área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL dita providencia de inicio do expediente administrativo para ceder ó Concello de Poio o inmovible “*Casa de Combarro*”, para ser destinado a centro de promoción, información e difusión turística, cultural, e do patrimonio histórico-artístico do territorio, previa depuración física e xurídica do inmovible.

Resultando que en data 05/09/2022 o Técnico adxunto á xefatura do Servizo de Contratación Facenda e Patrimonio emite informe (CSV: RXXIT6ONAUPD63P5), relativo á tramitación previa da depuración física e xurídica do inmovible, con indicación do procedemento aplicable para facer efectiva a cesión gratuíta obxecto do presente expediente.

Resultando que en data 21/09/2022 o Secretario Xeral, emite informe de asesoramento legal preceptivo do expediente de cesión do inmovible que conclúe o seguinte:

*“(...) CONCLUSIÓN: Préstase conformidade á proposta de cesión gratuíta do inmovible propiedade da Deputación catalogado no inventario provincial como “Casa Combarro” (sito na rúa San Roque, 59, Combarro, Poio) ao Concello de Poio, tendo en conta a documentación que existe no expediente e no que se constata o carácter gratuíto da mesma e a existencia dun interese social para elo.*

*Debería contarse cun convenio entre a Deputación e o Concello de Poio no que se instrumenten e regulen as condicións da presente cesión, dada a existencia dunha serie de obrigas e compromisos das partes, así como a conformidade de ambas administracións co mesmo.*

*Correspóndelle ao Concello de Poio a custodia, mantemento e conservación deste ben catalogado, respondendo diso ante a Deputación e o resto de administracións públicas do seu uso e de acordo á finalidade a que é cedido.*



*Previamente á súa aprobación, procede á fiscalización de Intervención, dada a afectación patrimonial que o expediente supón (art. 214 do TRLFL e art. 7 do RD 424/2017, de 28 de abril).*

*O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno, requiríndose o quórum da maioría absoluta para elo. En canto á sinatura do convenio, correspóndelle á Presidenta.”*

Resultando que polos servizos técnicos provinciais redactouse o convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello no que se regulan as condicións da cesión.

Resultando que en data 09/11/2022 a Secretaría Xeral emite informe favorable á proposta de convenio de colaboración para a cesión do inmovible, e informe complementario de data 02/12/2022 que conclúen o seguinte:

*“(…) CONCLUSIÓN: Préstase conformidade á aprobación da proposta de convenio formulada polo Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, informándose favorablemente.*

*Dado que é un instrumento no que se canaliza a colaboración para a transferencia dun inmovible da Deputación ao Concello de Poio, cómpre que se achegue a conformidade deste último coa proposta de convenio.”*

*“(…) A conformidade do concello ao convenio levarase a cabo a través da sinatura do mesmo, non sendo necesaria por tratarse dunha duplicación conformidade formal previa.”*

Resultando que en data 29/11/2022 a Intervención emite informe de fiscalización favorable do expediente coas seguintes observacións:

*“(…) Así mesmo, figuran no expediente dous informes do Servizo de Turismo, referindo no último destes (sinatura con data 8/11/2022) a falta de previsión do uso polo Servizo de Turismo (...) “A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou en abril de 2021 un novo Plan estratéxico de turismo que se está a executar polo Servizo de Turismo. En dito Plan non consta planificación sobre o uso da Casa de Combarro en ningunha das actuacións e accións previstas. A maiores pode sinalarse que precisamente a cesión da Casa de Combarro ao Concello de Poio para uso turístico e cultural (segundo consta na súa solicitude) é un exemplo de colaboración público-público que está alienado co modelo de gobernanza que rexe o noso plan estratéxico, o que se informa aos efectos oportunos.”*





*Esta declaración de innecesiedade enténdese que resulta insuficiente ao non abranguer a totalidade dos servizos provinciais, podendo ser completada antes da adopción do acordo de cesión (...).”*

*“(...) As edificacións incluídas no Catálogo deste Plan Especial de Protección, están incluídas no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, en virtude do previsto na DA: 2.ª da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. En atención a dita catalogación, e sen prexuízo do que con superior criterio xurídico e técnico se informe, enténdese por esta informante que sería precisa recadar a autorización autonómica (patrimonio) de conformidade co disposto no artigo 117 do RBEL ...(...).”*

Vistos os informes complementarios do Técnico adxunto á xefatura do Servizo de Contratación Facenda e Patrimonio e da Secretaría Xeral, de data 01/12/2022 en relación á ditas observacións da Intervención, que conclúen o seguinte:

*“(...) Á vista do exposto, pode concluírse que o artigo 117 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (REBEL), en relación co disposto no artigo 38 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español e no artigo 49 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, é aplicable ós alleamentos ou gravames de bens de índole artística ou histórica, pero non ás cesións gratuítas entre administracións públicas de ditos bens, nos termos expostos no corpo do presente informe.*

*En consecuencia, o expediente da cesión gratuíta do inmovible provincial Casa de Combarro a favor do concello non require o informe previo do órgano estatal ou autonómico competente a que fai referencia o artigo 117 do RBEL. Con todo, deberá darse conta de dita cesión gratuíta a dito órgano autonómico en cumprimento co establecido no artigo 109.2 do citado Regulamento...*

*“(...) Na actualidade o inmovible Casa de Combarro está adscrito ó Servizo de Contratación Facenda e Patrimonio, servizo de carácter transversal da Deputación, por non ser utilizado por ningún outro servizo provincial. Neste senso, desde a derradeira utilización do inmovible por parte do Servizo de Turismo no ano 2015, non se recibiu neste Servizo de Contratación Facenda e Patrimonio solicitude de ningún servizo provincial para a súa utilización, e non existe ningunha outra previsión de uso do inmovible no futuro.”*

Considerando o artigo 110.1 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (REBEL), o artigo 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), e artigo 70.14 do RD 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o



Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

**Primeiro.** Aprobar inicialmente o expediente de cesión gratuíta a favor do Concello de Poio do inmovible “Casa de Combarro” que se describe a continuación, coa finalidade de instalar un Centro de Interpretación do Patrimonio histórico-cultural municipal:

- Denominación do inmovible: Casa de Combarro.
- Dirección: Rúa San Roque nº 59 (Combarro) – Concello de Poio.
- Nº inventario Deputación: 1.1.000025.
- Ref. catastral: 4479802NG2947N000HB.
- Superficie solo: 72 m<sup>2</sup>.
- Superficie construída total: 133 m<sup>2</sup>.
- Lindeiros: Norte: inmovible con ref. catastral 4479801NG2947N0001UB – Sur, Este e Oeste: Rúa San Roque.
- Inscripción Rexistral (Rexistro da Propiedade nº 2 de Pontevedra): finca de Poio con CRU 36024000479845 ó folio 210 do Libro 263, no tomo 1.969 do Arquivo, inscrición 1ª de data 06/05/2022.

**Segundo.** Este acordo de aprobación inicial do expediente exporase ó público, para os efectos de reclamacións, por un período de vinte días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

No caso de que non se formularsen alegacións ou reclamacións ó expediente durante o prazo de exposición pública, este acordo de aprobación inicial do expediente de cesión gratuíta entenderase definitivamente aprobado.

**Terceiro.** Aprobar o texto do Convenio entre a Deputación e o Concello de Poio que regula a cesión gratuíta do inmovible, co seguinte teor literal:



## “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE POIO PARA REGULAR A CESIÓN GRATUITA DO INMOBLE “CASA DE COMBARRO” A FAVOR DO CONCELLO

### INTERVEÑEN

Dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL).

Don Luciano Sobral Fernández, Alcalde do Concello de Poio, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Don Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

### EXPOÑEN

I.- Que o artigo 79.2 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), o artigo 109 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de Bens das Entidades Locais (RBEL), así como os artigos 145 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), fan referencia á posibilidade que teñen as administracións públicas de ceder de maneira gratuítas os seus bens inmoables de natureza patrimonial a entidades ou institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como ás institucións privadas sen ánimo de lucro.

II.-Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA).

III. Que o artigo 80.2 da LALGA establece que os municipios, exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de actividades e instalación culturais e deportivas, ocupación do tempo libre e turismo.

IV- Que o artigo 36 da LBRL establece que son competencia das deputacións, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no



territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

V.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra é propietaria do inmovible “Casa de Combarro”, localizado en rúa Cruceiro nº 59 (Combarro), Poio-Pontevedra. A descrición do inmovible, segundo consta no Inventario de Bens e Dereitos da Deputación, é a seguinte:

#### A. IDENTIFICACIÓN:

- Nº inventario: 1.1.000025.
- Denominación: Casa de Combarro.
- Dirección: rúa do Cruceiro nº 59 – Combarro.
- Concello: Poio-Pontevedra.
- Descrición: Edificio de dúas plantas de pedra con cuberta inclinada.
- Natureza: patrimonial.

#### B. DATOS XERAIS:

- Forma de adquisición: compra.
- Data de adquisición: 19/02/1958.
- Notaría: D. José Pablo Egerique Villalba.
- Título de dominio: escritura pública con data 19/02/1958 outorgada ante o notario de Pontevedra D. José Pablo Egerique Villalba con número de protocolo 314.
- Destino: Cultural /Turístico.
- Rexistro da Propiedade: Rexistro nº 2 Pontevedra.
  - o Finca: CRU 36024000479845 de Poio.
  - o Tomo: 1969.
  - o Libro: 263.
  - o Folio: 210.
  - o Inscripción: 1ª.
- Natureza Catastral: Urbano.
- Natureza xurídica: Patrimonial.
- Referencia catastral: 4479802NG2947N0001HB.
- Dereitos reais a favor: Non.
- Dereitos reais que gravan: Non.
- Dereitos Persoais: Non.
- Rendas producidas: Non.

#### C. SOLO:

- Superficie: 72 m<sup>2</sup>.
- Lindeiros:
  - o Norte: inmovible con ref. catastral 4479801NG2947n0001UB.
  - o Sur: Rúa San Roque.
  - o Este: Rúa San Roque.
  - o Oeste: Rúa San Roque.



**D. EDIFICACIÓN:**

- Ano construción: 1850.
- Tipoloxía: esquina/3 fachada.
- Plantas sobre rasante: 2.
- Plantas baixo rasante: 0.
- Superficie construída: 133 m<sup>2</sup>.

**E. VALORACIÓN**

- Valor total: 78.128,19 €.

VI.- Que o Concello de Poio está interesado en establecer na vila de Combarro un centro de promoción, información e difusión turística, cultural, do patrimonio histórico-artístico municipal, e para tal fin solicitou á Deputación de Pontevedra a cesión da propiedade do inmovible “Casa de Combarro”, que considera idóneo para dita finalidade, tendo en conta a súa privilexiada situación no centro histórico de gran afluencia turística, que pode contribuír ao impulso económico do territorio asociado a servizos complementarios como aloxamentos, restauración, pequeno comercio e outros sectores da vila de Combarro en particular, e de todo o municipio de Poio en xeral.

VII.- Que a Deputación de Pontevedra, á vista da solicitude e interese do Concello de Poio en adquirir dito inmovible para tal fin, e tendo en conta que o mesmo non é necesario para os servizos provinciais, considera adecuado cedelo para a instalación do centro de promoción, información e difusión turística, cultural, do patrimonio histórico-artístico municipal, que redundará de maneira positiva en beneficio das persoas habitantes do municipio de Poio.

VIII.- Que para tal fin, a Deputación de Pontevedra iniciou a tramitación do expediente de cesión gratuíta do inmovible a favor do Concello de Poio, previa regularización física e xurídica do mesmo, tal e como se regula na lexislación patrimonial das Administracións Públicas.

IX.- Que o Concello de Poio e a Deputación de Pontevedra son conscientes da necesidade de efectuar na Casa de Combarro, unha obra de acondicionamento do inmovible para que poida albergar o centro cultural ao que se pretende dedicar o mesmo e, así mesmo, levar a cabo o correspondente proxecto de musealización.

Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

**CLÁUSULAS****Primeira.-Obxecto.**

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio para facer efectiva a cesión da plena propiedade do inmovible “Casa de Combarro”, de titularidade provincial, co fin de que o Concello estableza en dito inmovible un centro de promoción, información e difusión turística, cultural, do patrimonio histórico-artístico municipal.

### **Segunda.- Obrigas da Deputación de Pontevedra.**

- Ceder ao Concello de Poio, con carácter gratuíto, a plena propiedade do inmovible “Casa de Combarro” descrito no expoñendo V do presente convenio.
- Redactar o proxecto técnico para a execución das obras de acondicionamento da “Casa de Combarro”, segundo memoria valorada que se adxunta como ANEXO 1 do presente convenio, e financiar as mesmas ata un importe máximo de 136.413,82 € (IVE engadido), con cargo á aplicación orzamentaria 22/457-4500-63203.
- Solicitar e obter as licenzas, permisos e autorizacións que sexan necesarias para levar a cabo ditas obras.
- Licitar, dirixir, executar e recibir a obra.
- Realizar os trámites que correspondan para a concesión ao Concello de Poio dunha subvención nominativa para a redacción e execución do proxecto de musealización da “Casa de Combarro”, ata un importe máximo de 100.000 euros.
- Remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.
- Dar de baixa no Inventario provincial o inmovible unha vez sexa efectiva a presente cesión gratuíta.

### **Terceira. - Obrigas do Concello de Poio.**

- Aceptar a cesión gratuíta da propiedade do inmovible “Casa de Combarro” descrito no expoñendo V do presente convenio. A eficacia desta aceptación quedará demorada ata a realización pola Deputación de Pontevedra das obras sinaladas na cláusula segunda deste convenio e a súa posterior entrega ao Concello de Poio.
- Destinar o inmovible “Casa de Combarro” a ser centro de promoción, información e difusión turística, cultural, do patrimonio histórico-artístico e desenvolvemento local nun prazo máximo de dous anos desde a data da súa efectiva transmisión e destinar dito inmovible a este mesmo fin durante os trinta anos seguintes. En caso de incumprimento de dito prazo, o inmovible reverterá ao patrimonio da Deputación de Pontevedra con todas as súas pertenzas e accesións.
- Incorporar o ben inmovible cedido ao patrimonio municipal unha vez sexa efectiva a transmisión do mesmo.
- Tramitar no Catastro inmobiliario e no Rexistro da Propiedade a regularización xurídica do inmovible como consecuencia desta cesión, asumindo todos os gastos notariais, de inscrición rexistral e todas as taxas e impostos derivados da mesma.



- Aprobar o proxecto técnico de acondicionamento da “Casa de Combarro” que lle remita a Deputación de Pontevedra, cos efectos e alcance determinados no artigo 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Encargar a redacción do proxecto de musealización da “ Casa de Combarro”, e executalo en todos os seus termos, incluída a obtención previa de todos os permisos e autorizacións sectoriais que fosen necesarios.

#### **Cuarta. -Vixencia do Convenio.**

Sen prexuízo do sinalado na cláusula terceira, o presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha duración de dous (2) anos, prazo no que se deberán realizar todas as actuacións necesarias para facer efectiva esta cesión de carácter indefinido.

Non obstante o anterior e se fora preciso, en calquera momento antes da finalización de dito prazo as persoas asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata dous (2) anos adicionais.

#### **Quinta.- Comisión de seguimento e control.**

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha comisión de seguimento da que forman parte a Presidenta e o Alcalde, ou persoas en quen deleguen, o Secretario da Deputación de Pontevedra, ou persoa en quen delegue, e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do mesmo.
- Proponer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

#### **Sexta- Extinción.**

O Convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nas causas de resolución establecidas con carácter xeral no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **Sétima.- Xurisdición.**

As partes comprométese a intentar resolver amistosamente calquera desacordo que puidera xurdir na interpretación ou cumprimento do presente convenio, someténdoo á comisión de



seguimento prevista na cláusula quinta. En caso de non ser posible unha solución amistosa e resultar procedente litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver ditas cuestión será a contencioso-administrativa de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan dixitalmente o presente convenio”.

**Cuarto.** Incluír o Convenio indicado no apartado anterior na relación certificada anual de convenios a remitir ao Tribunal de Contas.

**Quinto.** Efectuar as rectificacións correspondentes no Inventario de Bens e Dereitos provinciais, Catastro e Rexistro da Propiedade relativas á presente cesión, e dar conta da mesma á autoridade competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Sexto.** Facultar á Presidencia da Deputación para efectuar a sinatura dos documentos que sexan precisos para o cumprimento do presente acordo.

5.7905.- **APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E ESTA DEPUTACIÓN PARA A CESIÓN DO RECINTO CONVENTUAL E TEMPLO DENOMINADO CONVENTO DE SANTA CLARA Á DEPUTACIÓN PARA A SÚA INCORPORACIÓN AO MUSEO DE PONTEVEDRA E A SÚA REHABILITACIÓN CON DESTINO A FINS MUSEÍSTICOS COMPATIBILIZADOS COA APERTURA AO PÚBLICO DO BOSQUE E DA HORTA E PARTE DOS ESPAZOS NON EDIFICADOS (EXPTES. 2022073845-2022068772)**

Sra. Presidenta.- No punto 5. Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e esta Deputación para a cesión do recinto conventual e templo denominado Convento de Santa Clara á Deputación para a súa incorporación ao Museo de Pontevedra e a súa rehabilitación con destino a fins museísticos compatibilizados coa apertura ao público do bosque e da horta e parte dos espazos non edificadas. Vou a darlle a palabra ao Vicepresidente, ao Sr. Mosquera, para que informe sobre este convenio de colaboración ao ser a persoa que estivo liderando todos os traballos para chegar ata este momento, eso significa que se logo hai máis intervencións seguirei dándoas pola orde de menor





a maior, polo tanto, se intervén o Grupo Popular intervirá despois do Sr. Mosquera e logo lle darei a palabra ao Grupo Socialista si a solicita, claro. Así que, Sr. Mosquera, ten vostede a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Moitas grazas Sra. Presidenta. Bos días a todos e a todas. Hoxe é un día grande para o Museo de Pontevedra porque supón a combinación dun soño acariciado durante moitísimos anos. Acórdome hai corenta anos, que unha das propostas que circulaban nos ambientes culturais de Pontevedra era que Sta. Clara se incorporara ó Museo, por moitos motivos, ¿non?, polo que significaba Sta. Clara, polo que supón de que teña espazo e non edificios construídos, ¿non?, vamos, entre medianeiras, en fin, sen horta, sen espazos, e por todos os motivos que todos sabemos, e incluso por ter posibilidades de crecemento no futuro. Ben, este, non chegou de casualidade, foi algo que houbo que estar enriba, houbo que estar seguíndoo, houbo que perseverar para logralo. Decía un arxentino, creo que era Valdano, agora que Arxentina ganou o mundial, que sen sufrimento, sen perseverancia é moi difícil conseguilo, ás veces con perseverancia suficiente non se consegue, neste caso si, por eso, por eso é un día grande para o Museo e por ende para todo o Concello de Pontevedra e para toda a Provincia de Pontevedra. Ben, as dificultades non as vou a describir pero, estiveron aí, ¿non?, estiveron aí, non se sabía as monxas se marchaban ou non, despois de marchar se ían a vendelo ou non, en fin, non vou a relatar, incluso, o día a día, porque sería moi, sería moi longo. E, despois dunha valoración feita con todo o detalle, o convento tiña moitas sorpresas, aínda outras que nos dará, pero bueno, moitas están descubertas, pois ó final chegamos a este día no que o Convento de Sta. Clara pasa a ser da Deputación, pasa a ser do Museo, e ao Museo se lle abre unhas expectativas que creo que cumprían todos os que soñaron o Museo de Pontevedra como un gran Museo, como Castro San Pedro, Castelao, Filgueira, pois estarían encantados de que o Museo chegue nestes momentos a onde chegue. Queda moitísimo por facer, evidentemente, pero este é un paso decisivo. Eu teño que agradecer, primeiro ao Concello de Pontevedra, porque sempre tivo claro que en Pontevedra hai un Museo e é o Museo de Pontevedra da Diputación, e non intentou nunca competir nin facer museos, outros museos, disgregando ou quitándolle potencia ao Museo de Pontevedra, sempre, co cuál, creo que teño que agradecer á Presidenta a sensibilidade que tivo co Museo, e creo, fágoo de todo corazón, porque despois de escoitar críticas, como que ía ir todo para Vigo, que era o goberno de Vigo, ou incluso que cedelo á Deputación pois era un disparate, e que era, vamos, téño aquí, declaracións públicas de hai un ano, pois sempre tivo claro que o Museo, o que significaba o



Museo para Pontevedra e máis para todo Galiza, e apostou decididamente nunha aposta francamente costosa e que así o fixo, ¿non?, e, polo tanto, teño que agradecerllo. E, obviamente a todos os que traballaron, á Dirección do Museo, etc., que traballaron a unha velocidade inaudita, inaudita, e que logramos chegar en tempo absolutamente récord a este día de que pasa á propiedade, bueno, queda o formalismo de asinalo, pero vamos, non sería, non sería tal. E teño que agradecer tamén ó PP, que costoulle, pero sinceramente teño que agradecerlle que cambiara de postura e de criticar dunha maneira feroz e desproporcionada o feito de que este Convento pase ao Museo, pois na Comisión o outro día votou a favor, agardo que o manteña porque creo que é o correcto, é o correcto, rectificar é de sabios, polo tanto, pois agradecerlle esta rectificación. Nada máis, é un día grande para o Museo, agora hai que explorar todas as posibilidades, como se sabe xa estamos, e agardo que dentro duns anos se recorde este día como un gran día para o Museo de Pontevedra e para toda a museística en Galiza.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Sr. Font, ten vostede a palabra.

Sr. López Font.- Gracias. Ao longo da súa dilatada historia o Museo de Pontevedra incorporou diferentes edificios para atender ás súas crecentes necesidades, ata acadar os seis inmobles que lle proporcionan na súa configuración actual que mellorarase sen duda grazas ao Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra para a cesión do uso que permita a consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo de Pontevedra asinado en maio deste mesmo ano. Máis é evidente que como Museo de referencia para a provincia recibe en depósito provisional inxentes cantidades de materiais procedentes das diferentes intervencións arqueolóxicas que se realizan na provincia de Pontevedra. Feito que implica que o Edificio Castelao se atope na actualidade completamente saturado. Adicar o recinto conventual de Sta. Clara a albergar a sede dun novo edificio é agora o obxectivo. E para iso traemos hoxe a aprobación o denominado Protocolo de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra para a futura cesión do recinto conventual e templo denominado Convento de Sta. Clara á Deputación de Pontevedra para a súa incorporación ao Museo de Pontevedra. Un fito histórico para o que esperamos un apoio unánime, xa que permitirá que o Museo de Pontevedra poida dar o salto a ser un Museo do século XXI e ver subsanados os problemas que ten en canto a espazos, organización e funcionamento. Así pois, este é e será un espazo único na Provincia de Pontevedra que se recupera para a



xente e para ampliar o Museo máis importante que temos en Galicia, o Museo de Pontevedra. É importante tamén aproveitar este momento para recordar que o proceso de rehabilitación que vai ser un orgullo para todas as galegas e galegos debe incorporar a outras administracións, como á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Non habendo máis intervencións someto a votación. *(Non se escoita dende o tempo 00:26:17.21 ata o 00:26:28.14)* ... e templo denominado Convento de Sta. Clara á Deputación para a súa incorporación ao Museo de Pontevedra e a súa rehabilitación con destino a fins museísticos compatibilizados con apertura ao público do bosque, da horta e parte dos espazos non edificadas. Así que, ¿votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Deputación de Pontevedra desenvolve actuacións para o fomento da cultura, a través da cooperación e coordinación cos concellos no obxectivo de garantir unha prestación axeitada e eficiente dos servizos públicos en todo o territorio provincial.

Asemade, a Deputación ten competencias para a prestación de servizos públicos de carácter supra-municipal consonte ao artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e, nesta labor, teñen unha importancia salientable as actividades que xestiona e desenvolve o Museo de Pontevedra, como centro de fomento e divulgación cultural que colabora na recuperación do valioso patrimonio cultural da provincia de Pontevedra.

**Segundo.-** No que atinxe ao Concello de Pontevedra, o artigo 25 da LRBRL e o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no eido das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da comunidade veciñal e exerce, en todo caso, como competencias propias, nos termos da normativa estatal e galega, entre outras materias, as de planeamento, xestión e disciplina urbanística, actividades e instalacións culturais ou patrimonio histórico artístico.



Lémbrese que o art. 7 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español establece que os concellos cooperarán cos organismos competentes na conservación e custodia do Patrimonio Histórico, o que se concreta na Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, coa determinación da obriga dos concellos de protexeren, defenderen, realizaren e daren a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal.

**Terceiro.-** O Museo de Pontevedra, de titularidade da Deputación de Pontevedra, é un dos museos máis sobranceiros de Galicia e unha institución de gran relevancia para a cidade de Pontevedra, con proxección e alcance alén do termo municipal e do territorio provincial.

Ao longo da súa dilatada historia, o Museo de Pontevedra incorporou diferentes edificios para atender as súas crecentes necesidades, ata acadar os seis inmobles que lle proporcionan a súa configuración actual: Ruínas de San Domingos, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Fernández López e Edificio Castelao. Deles, tanto os dous edificios primixenios como o que acolle ao diferente persoal técnico e espazo de almacenaxe, na rúa Pasantería, presentan importantes disfuncións que limitan o seu correcto funcionamento o que motivou o inicio dunha xeira de colaboración entre as Administracións asinantes para a súa recuperación, modernización e posta en valor, iniciada coa sinatura dun protocolo de colaboración en data 02/01/2021.

**Cuarto.-** Arestora, os Edificios Castro Monteagudo e García Flórez perderon a súa aptitude para ter un uso expositivo e atópanse pechados ao público pola súa obsolescencia e deterioro, por mor do paso do tempo. Pola súa banda, o Edificio Fernández López, aínda que está operativo, presenta un conxunto de limitacións e deficiencias que obrigan, tamén, á súa rehabilitación para o mellor cumprimento das súas funcións. Por tales feitos, Deputación e Concello están a traballar para garantir a súa óptima operatividade, dar satisfacción á normativa sobre accesibilidade, amais de proporcionar unha alta funcionalidade ao conxunto, para o que manteñen unha xeira de colaboración, guiada polo interese xeral da posta en valor das dotacións e equipamentos museísticos citados, que na actualidade se desenvolven mediante a tramitación dunha modificación do Plan Especial de Protección e Rehabilitación e Conservación Artística (PEPRICA) do Centro Histórico de Pontevedra, xa aprobada provisionalmente, así coma dun Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de



Pontevedra para a cesión de uso que permita a consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo de Pontevedra asinado o 26/05/2022.

**Quinto.-** Por outra banda, na súa cualidade de Museo de referencia para a provincia, recibe, en depósito provisional, inxentes cantidades de materiais procedentes das diferentes intervencións arqueolóxicas que se realizan na provincia de Pontevedra, feito que implica que a colección arqueolóxica siga incrementándose día a día e que sexa precisa a ampliación da superficie destinada á súa xestión integral e almacenaxe. Neste senso, o Edificio Castelao atópase na actualidade completamente rebordado e resulta insuficiente para atender ao incremento da colección. Asemade, carece de áreas funcionais imprescindibles para a correcta xestión da colección arqueolóxica, como mínimo, recepción/ingreso, tratamento dos materiais (espazo de mollado -lavado de pezas-, espazo de seco -seculado de pezas-), estudo (inventariado, fotografado, dixitalizado, debuxo,...) etc.

**Sexto.-** Nesa tesitura, barallouse inicialmente, nun protocolo asinado o 02/01/2021, a cesión dunha parcela de titularidade do Concello de Pontevedra, en concreto a parcela P20 do polígono de Valdecorvos, destinada a reserva de solo para equipamento público, de 9.509 metros cadrados e doada accesibilidade, para albergar un futuro edificio arqueolóxico que paliase os referidos déficits, malia ter o hándicap da súa non proximidade aos outros edificios da institución museística.

**Sétimo.-** Porén, un acontecemento senlleiro interferiu no *iter* no que estaban a traballar as dúas institucións asinantes, que non é outro que a adquisición, por parte do Concello de Pontevedra, do Recinto Conventual e Templo denominado Santa Clara como ben de dominio público-servizo público, formalizado mediante escritura pública outorgada o día 01/12/2021 diante do notario desta cidade don Francisco León Gómez, logo do acordo da Xunta de Goberno Local do 11/11/2021.

**Oitavo.-** Este amplo recinto de 12.860 m<sup>2</sup>, dos que 2.450 m<sup>2</sup> están edificadas e 10.410 m<sup>2</sup> constitúen superficie descuberta, segundo escritura de compravenda e Rexistro da Propiedade (12.925 m<sup>2</sup> segundo catastro, no que se refire unha superficie ocupada construída de 4.419 m<sup>2</sup>), e que forma parte do patrimonio



histórico de Pontevedra, está situado en pleno centro da cidade e na proximidade do denominado rueiro cultural da Deputación e a súa rede museística.

Por outra banda, o concello ten tamén interese en potenciar e ampliar os espazos libres e zonas verdes de lecer e a oferta cultural no centro da cidade de Pontevedra e, a tal fin, o denominado bosque, a horta e o espazo non edificado do Convento e Templo de Santa Clara constitúen sen dúbida un dos poucos espazos intersticiais ou grandes bolsas de solo que quedan dentro da cidade compacta; dotación susceptible de ser compatibilizada e aperturada ao uso público, cal espazo libre-zona verde vencellada á dotación cultural ou, en xeral, como espazo público de encontro para actividades culturais, artísticas ou musicais ao aire libre e destinadas á difusión do noso patrimonio cultural, amén das posibilidades de rehabilitación ou reconstrución dos inmóbeis integrantes do patrimonio histórico artístico.

A cualificación urbanística da parcela como equipamento é plenamente compatible con usos museísticos e outros usos culturais semellantes. Asemade, considerouse polo Concello dende un primeiro momento que o bosque, a horta e grande parte dos eidos non edificados son susceptíbeis de seren abertos ao uso público, dado que se trata duns usos totalmente compatibles con calquera uso dotacional público ao que se destinen as edificacións, aos que mesmo poden implementar, tal e como se xustifica no decreto municipal de inicio do procedemento de adquisición do recinto.

**Noveno.-** Así as cousas, a Deputación amosouse interesada en testar as posibilidades de adicar o amplo recinto conventual a albergar a sede dun novo edificio, para ampliar a súa rede museística e contribuír, de xeito sobranceiro, a paliar as necesidades, os déficits e as disfuncións aludidas, referidas aos inmobles actuais, incluídas as de índole arqueolóxica. Considerou unha oportunidade vizosa a de avaliar a posibilidade de rehabilitación -mesmo con parcial reconstrución ou ampliación, de selo caso, do recinto conventual, para destinalo a usos museísticos, plenamente compatíbeis non só cos seus valores orixinais, coa protección do patrimonio cultural e co seu uso dotacional, senón tamén co propósito municipal de adicar o bosque, a horta e os espazos non edificados do recinto conventual a outros usos públicos de goce pola cidadanía.

Esa avaliación axuizaría tamén, e de xeito particular, a posibilidade de adicar parte do recinto á xestión integral da colección arqueolóxica do Museo de Pontevedra



o que faría innecesaria a construción dun novo edificio arqueolóxico no predio citado de Valdecorvos, e rebaixaría ou reduciría parte da superficie inicial a habilitar no subsolo do viario intersticial dos edificios Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López, ao dar cobertura ou compensar as necesidades aludidas coa superficie de Santa Clara.

**Décimo.-** Así as cousas Deputación e Concello comprometéronse a realizar todas as xestións previas que permitisen axuizar as posibilidades de habilitar e utilizar parte do recinto para as finalidades museísticas expresadas, coonestadas co uso público do espazo non edificado, así como no coñecemento dos hipotéticos condicionantes e custos da actuación, para o que, en data 14/12/2021, asinaron un *“Protocolo de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra para futura cesión do Recinto conventual e Templo denominado Convento de Santa Clara, á Deputación de Pontevedra para a súa incorporación ao Museo de Pontevedra, para a súa rehabilitación con destino a fins museísticos compatibilizados coa apertura ao público da horta e parte dos espazos non edificados”*.

Neste protocolo, a cuxo contido concreto nos remitimos, prevese a súa culminación nun ulterior convenio e/ou instrumentos xurídicos que pautasen as condicións da cesión do recinto para tales finalidades.

**Undécimo.-** Para coonestar as súas competencias en materia cultural, museística e de posta en valor do patrimonio cultural, consonte aos principios que pautan a colaboración interadministrativa, ámbalas institucións -tras recoñecerse capacidade xurídica suficiente-, deciden seguir sumando esforzos de colaboración e, por todo o anteriormente exposto e ao abeiro do disposto nos artigos 29 e 17, da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa disposición adicional 2ª do mesmo texto legal e cos artigos 67 e 113.2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, acordan asinar o convenio obxecto do presente informe.

Fundamentos xurídicos:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).



- Art. 7 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español establece que os concellos cooperarán cos organismos competentes na conservación e custodia do Patrimonio Histórico, o que se concreta na Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Art. 47 e seguintes da LRXSP que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do Orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Artigo 36.1.b) e d) da LRBRL, que atribúe ás deputacións a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e de cooperación e fomento do desenvolvemento económico, social e cultural, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.
- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- En canto ao órgano competente para esta aceptación, corresponde ao Pleno, vista a cantidade prevista na memoria económica. (Disposición adicional segunda, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público).

## PROPOSTA

Con vistas a reforzar o espazo común en materia cultural, museística e de posta en valor do patrimonio cultural tanto da Deputación provincial como do Concello de Pontevedra, de conformidade cos principios que pautan a colaboración interadministrativa, é preciso formalizar o *“Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra para a cesión do recinto conventual e templo denominado Convento de Santa Clara á Deputación de Pontevedra para a*





*súa incorporación ao Museo de Pontevedra e a súa rehabilitación con destino a fins museísticos compatibilizados coa apertura ao público do bosque e da horta e parte dos espazos non edificadas.”*

Tendo en conta que quedan xustificadas as razóns de oportunidade e o interese público para levalo a cabo, en base a razóns competenciais, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia en materia cultural, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

Aprobar o referido convenio co seguinte teor literal:

**“Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra, para cesión do Recinto conventual e Templo denominado Convento de Santa Clara á Deputación de Pontevedra para a súa incorporación ao Museo de Pontevedra e a súa rehabilitación con destino a fins museísticos compatibilizados coa apertura ao público do bosque e da horta e parte dos espazos non edificadas.**

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

Reunidos

Dunha parte Dona María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e na representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra parte Don Miguel Anxo Fernández Lores, quen actúa no nome e na representación do Concello de Pontevedra, en virtude da súa condición de Alcalde - Presidente da amentada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e no artigo 41.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.



Actúan Don José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de Secretario da Administración Municipal do Concello de Pontevedra e Don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario da Deputación de Pontevedra, para dar fe deste acto.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e reconécese con capacidade suficiente para formalizar o presente convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, e, de común acordo,

Manifestan

**Primeiro.-** A Deputación de Pontevedra desenvolve, decote, actuacións para o fomento da cultura, a través da cooperación e coordinación cos Concellos no obxectivo de garantir unha prestación axeitada e eficiente dos servizos públicos en todo o territorio provincial.

Asemade, a Deputación ten competencias para a prestación de servizos públicos de carácter supra-municipal consonte ao artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e, nesta labor, teñen unha importancia salientable as actividades que xestiona e desenvolve o Museo de Pontevedra, como centro de fomento e divulgación cultural que colabora na recuperación do valioso patrimonio cultural da provincia de Pontevedra.

No que atinxe ao Concello de Pontevedra, o artigo 25 da LRBRL e o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG) establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no eido das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da comunidade veciñal e exerce, en todo caso, como competencias propias, nos termos da normativa estatal e galega, entre outras materias, as de planeamento, xestión e disciplina urbanística, actividades e instalacións culturais ou patrimonio histórico artístico.

Lémbrase que o art. 7 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español establece que os Concellos cooperarán cos organismos competentes na conservación e custodia do Patrimonio Histórico, o que se concreta na Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, coa determinación da obriga dos Concellos de protexeren, defenderen, realizaren e daren a coñecer o



valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal.

**Segundo.-** O Museo de Pontevedra, de titularidade da Deputación de Pontevedra, é un dos museos máis sobranceiros de Galicia e unha institución de gran relevancia para a cidade de Pontevedra, con proxección e alcance alén do termo municipal e do territorio provincial.

Pola súa importancia, histórica e actual, ambas institucións asinantes teñen o máximo interese en dotar ao Museo de Pontevedra das edificacións e instalacións necesarias para o seu bo funcionamento operativo e para mellorar as súas prestacións.

**Terceiro.-** Ao longo da súa dilatada historia, o Museo de Pontevedra incorporou diferentes edificios para atender as súas crecentes necesidades, ata acadar os seis inmobles que lle proporcionan a súa configuración actual: Ruínas de San Domingos, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Fernández López e Edificio Castelao. Deles, tanto os dous edificios primixenios como o que acolle ao diferente persoal técnico e espazo de almacenaxe, na rúa Pasantería, presentan importantes disfuncións que limitan o seu correcto funcionamento o que motivou o inicio dunha xeira de colaboración entre as Administración asinantes para a súa recuperación, modernización e posta en valor, iniciada coa sinatura dun protocolo de colaboración en data 02/01/2021.

**Cuarto.-** Arestora, os Edificios Castro Monteagudo e García Flórez perderon a súa aptitude para ter un uso expositivo e atópanse pechados ao público pola súa obsolescencia e deterioro, por mor do paso do tempo. Pola súa banda, o Edificio Fernández López, aínda que está operativo, presenta un conxunto de limitacións e deficiencias que obrigan, tamén, a súa rehabilitación para o mellor cumprimento das súas funcións. Por tales feitos, Deputación e Concello están a traballar para garantir a súa óptima operatividade, dar satisfacción á normativa sobre accesibilidade, amais de proporcionar unha alta funcionalidade ao conxunto, para o que manteñen unha xeira de colaboración, guiada polo interese xeral da posta en valor das dotacións e equipamentos museísticos citados, que na actualidade se desenvolve mediante a tramitación dunha modificación do Plan Especial de Protección e Rehabilitación e Conservación Artística (PEPRICA) do Centro Histórico de Pontevedra, xa aprobada provisionalmente, así coma dun Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de



Pontevedra para a cesión de uso que permita a consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do museo de Pontevedra asinado o 26/05/2022.

**Quinto.-** Por outra banda, na súa cualidade de Museo de referencia para a provincia, recibe, en depósito provisional, inxentes cantidades de materiais procedentes das diferentes intervencións arqueolóxicas que se realizan na provincia de Pontevedra, feito que implica que a colección arqueolóxica siga incrementándose día a día e que sexa precisa a ampliación da superficie destinada á súa xestión integral e almacenaxe. Neste senso, o edificio Castelao atópase na actualidade completamente rebordado e resulta insuficiente para atender ao incremento da colección. Asemade, carece de áreas funcionais imprescindibles para a correcta xestión da colección arqueolóxica, como mínimo, recepción/ingreso, tratamento dos materiais (espazo de mollado -lavado de pezas-, espazo de seco -secado de pezas-), estudo (inventariado, fotografado, dixitalizado, debuxo, ...) etc.

**Sexto.-** Nesa tesitura, barallouse inicialmente, nun protocolo asinado o 2/01/2021, a cesión dunha parcela de titularidade do Concello de Pontevedra, en concreto a parcela P20 do polígono de Valdecorvos, destinada a reserva de solo para equipamento público, de 9.509 metros cadrados e doada accesibilidade, para albergar un futuro edificio arqueolóxico que paliase os referidos déficits, malia ter o hándicap da súa non proximidade aos outros edificios da institución museística.

**Sétimo.-** Porén, un acontecemento senlleiro interferiu no *iter* no que estaban a traballar as dúas institucións asinantes, que non é outro que a adquisición, por parte do Concello de Pontevedra, do Recinto Conventual e Templo denominado Santa Clara como ben de dominio público-servizo público, formalizado mediante escritura pública outorgada o día 1/12/2021 diante do notario desta cidade don Francisco León Gómez, logo do acordo da Xunta de Goberno Local do 11/11/2021.

**Oitavo.-** O conxunto da Igrexa e Convento de Santa Clara, xunto coa súa horta e os elementos e edificacións anexas, está incluído como figura sobranceira, con protección monumental, na ficha número 1 do Texto refundido do Catálogo de Edificacións e Elementos a Conservar da Cidade e do Rural aprobado polo Concello-Pleno en sesión do 28 de abril de 1994, catálogo actualmente en fase de



revisión para adaptarse á Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

O recinto conventual tamén esta incluído no Catálogo do Plan básico autonómico (decreto 83/2018, do 26 de xullo) co número id 46135 e, de feito, o Concello instara da Consellería competente, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 16/02/09, reiterado en abril do 2011, a incoación de expediente para acadar a declaración, como ben de interese cultural coa categoría de monumento, do Conxunto da Igrexa, o Convento de Santa Clara e elementos e edificacións anexas, malia que o expediente no se chegou a culminar.

Este amplo recinto de 12.860 m<sup>2</sup>, dos que 2.450 m<sup>2</sup> están edificadas e 10.410 m<sup>2</sup> constitúen superficie descuberta, segundo escritura de compravenda e Rexistro da Propiedade (12.925 m<sup>2</sup> segundo catastro, no que se refire unha superficie ocupada construída de 4.419 m<sup>2</sup>), e que forma parte do patrimonio histórico de Pontevedra, está situado en pleno centro da cidade e na proximidade do denominado rueiro cultural da Deputación e a súa rede museística.

Por outra banda, o Concello ten tamén interese en potenciar e ampliar os espazos libres e zonas verdes de lecer e a oferta cultural no centro da cidade de Pontevedra e, a tal fin, o denominado bosque, a horta e o espazo non edificado do Convento e Templo de Santa Clara constitúen sen dúbida un dos poucos espazos intersticiais ou grandes bolsas de solo que quedan dentro da cidade compacta; dotación susceptible de ser compatibilizada e aperturada ao uso público, cal espazo libre-zona verde vencellada á dotación cultural ou, en xeral, como espazo público de encontro para actividades culturais, artísticas ou musicais ao aire libre e destinadas á difusión do noso patrimonio cultural, amén das posibilidades de rehabilitación ou reconstrución dos inmóbeis integrantes do patrimonio histórico artístico.

A cualificación urbanística da parcela como equipamento é plenamente compatible con usos museísticos e outros usos culturais semellantes. Asemade, considerouse polo Concello dende un primeiro momento que o bosque, a horta e grande parte dos eidos non edificadas son susceptíbeis de seren abertos ao uso público, dado que se trata duns usos totalmente compatibles con calquera uso dotacional público ao que se destinen as edificacións, aos que mesmo poden



implementar, tal e como se xustifica no decreto municipal de inicio do procedemento de adquisición do recinto.

Arestora o Concello está a estudar e a traballar a solución óptima para habilitar o acceso ao recinto edificado, mesmo coa negociación para adquirir o inmovible lindeiro co convento na rúa Santa Clara para tales fins, coa disposición a favorecer a permeabilidade a través da parcela axardinada de titularidade municipal situada nesa rúa ou mediante a permeabilización cara a Praza de Barcelos.

**Noveno.-** Así as cousas, a Deputación amosouse interesada en testar as posibilidades de adicar o amplo recinto conventual a albergar a sede dun novo edificio, para ampliar a súa rede museística e contribuír, de xeito sobranceiro, a paliar as necesidades, os déficits e as disfuncións aludidas, referidas aos inmobles actuais, incluídas as de índole arqueolóxica. Considerou unha oportunidade vizosa a de avaliar a posibilidade de rehabilitación -mesmo con parcial reconstrución ou ampliación, de selo caso, do recinto conventual, para destinalo a usos museísticos, plenamente compatíbeis non só cos seus valores orixinais, coa protección do patrimonio cultural e co seu uso dotacional, senón tamén co propósito municipal de adicar o bosque, a horta e os espazos non edificados do recinto conventual a outros usos públicos de goce pola cidadanía.

Esa avaliación axuizaría tamén, e de xeito particular, a posibilidade de adicar parte do recinto á xestión integral da colección arqueolóxica do Museo de Pontevedra o que faría innecesaria a construción dun novo edificio arqueolóxico no predio citado de Valdecorvos, e rebaixaría ou reduciría parte da superficie inicial a habilitar no subsolo do viario intersticial dos Edificios Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López, ao dar cobertura ou compensar as necesidades aludidas coa superficie de Santa Clara.

**Décimo.-** A efectos de analizar as posibilidades e condicionamentos das obras e a viabilidade aludida, considerouse preciso a realización dunhas previas sondaxes arqueolóxicas avaliativas, cos obxectivos de coñecer a fertilidade arqueolóxica de distintos sectores do subsolo da parcela do Convento (tanto na superficie edificada como a que non o está) e determinar as cautelas arqueolóxicas a observar en eventuais futuras obras e mesmo a posibilidade de acometelas.



Xunto coas cautelas arqueolóxicas que arestora están a piques de rematar, cumpría realizar un previo estudo histórico do Convento de Santa Clara que revisase as fontes bibliográficas e documentais, na procura de información histórica sobre a parcela que ocupa o Convento (entendido de xeito conxunto, non só a superficie edificada) e a súa contorna inmediata, tamén en avanzada fase de elaboración.

Toda a información obtida destas sondaxes e estudos está a permitir o coñecemento da evolución histórica do inmovible e a determinación das fases e cronoloxía construtiva, de xeito que se identifican as datas de construción de cada corpo ou elemento dos edificios hoxe en día visibles; tamén, a existencia de construcións que non chegaron ao presente mais que permanecen no subsolo, a nivel de alicerces e/ou pavimentos.

Nestes traballos deuse importancia sobranceira, dende o punto de vista metodolóxico, ao estudo da estratigrafía muraria, tanto polos datos rexistrados na análise de fontes bibliográficas e documentais, coma polos resultados das sondaxes arqueolóxicas e lectura dos paramentos das edificacións.

Ambos estudos, realizados co apoio do Concello que elaborou un previo levantamento topográfico de detalle, con alzados e orto-imaxes que lles serven de base, son complementarios e o avance dos traballos permite albiscar arestora a viabilidade da rehabilitación pretendida.

**Undécimo.-** Así as cousas Deputación e Concello comprometéronse a realizar todas as xestións previas que permitisen axuizar as posibilidades de habilitar e utilizar parte do recinto para as finalidades museísticas expresadas, coonestadas co uso público do espazo non edificado, así como no coñecemento dos hipotéticos condicionantes e custos da actuación, para o que, en data 14/12/2021, asinaron un *“Protocolo de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra para futura cesión do Recinto conventual e Templo denominado Convento de Santa Clara, á Deputación de Pontevedra para a súa incorporación ao Museo de Pontevedra, para a súa rehabilitación con destino a fins museísticos compatibilizados coa apertura ao público da horta e parte dos espazos non edificados”*.

Neste protocolo, a cuxo contido concreto nos remitimos, prevese a súa culminación nun ulterior convenio e/ou instrumentos xurídicos que pautasen as condicións da cesión do recinto para tales finalidades.



Xa que logo, para cohonestar as súas competencias en materia cultural, museística e de posta en valor do patrimonio cultural, consonte aos principios que pautan a colaboración interadministrativa, ámbalas institucións -tras recoñecerse capacidade xurídica suficiente-, deciden seguir sumando esforzos de colaboración e, por todo o anteriormente exposto e ao abeiro do disposto nos artigos 29 e 17, da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa disposición adicional 2ª do mesmo texto legal e cos artigos 67 e 113.2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, acordan asinar o presente convenio consonte ás seguintes:

## Cláusulas

### **Primeira.-** Obxecto.

O obxecto deste convenio consiste en pautar e materializar a cesión gratuíta en favor da Deputación de Pontevedra da titularidade dos terreos que conforman o *Recinto conventual e Templo denominado Convento de Santa Clara*, sito na rúa Santa Clara núm. 16 de Pontevedra, coa finalidade de proceder á súa rehabilitación e, de ser o caso, reconstrución ou ampliación parcial, con destino a museo integrado na Rede de museos da cidade de Pontevedra e con posible inclusión no recinto de instalacións destinadas á xestión integral dos fondos arqueolóxicos do Museo de Pontevedra, usos que se compatibilizarán coa adscrición ou afectación concorrente ao uso público por parte da cidadanía do denominado “bosque”, a horta e parte dos eidos non edificadas, así como o uso compartido do antigo templo para actividades culturais e dotacionais.

A cesión desenvolve os compromisos adquiridos polas administracións asinantes no Protocolo asinado o 14 de decembro de 2021, refrenda as liñas colaborativas mantidas para o impulso, mellora e racionalización da Rede de edificios do Museo de Pontevedra, compatibilizadas cos fins públicos da adquisición polo Concello do recinto conventual e suxéitase ás condicións que de seguido se indican, que inclúen a realización de obras, o mantemento do destino museístico durante o prazo mínimo de 50 anos e, expresamente, a subrogación da Deputación Provincial nos compromisos adquiridos polo Concello na compra do recinto, referidos ao destino do inmovible e obrigas de conservación e custodia de





bens, segundo se determina neste convenio e/ou instrumentos xurídicos que no seu desenvolvemento se formalicen.

O predio a ceder con adscrición ou afectación concorrente parcial, composto do convento e o recinto conventual, ben de dominio público-servizo público, descríbese do seguinte xeito:

Denominación: Recinto conventual e Templo denominado Convento de Santa Clara (Status de mosteiro suspendido por acordo do órgano competente da Igrexa católica o 2 de xuño de 2015).

Situación: Rúa Santa Clara, número 16, Pontevedra.

Título: Escritura de compravenda outorgada diante do notario de Pontevedra don Francisco León Gómez, o día un de decembro de dou mil vinte e un, ao número dous mil novecentos setenta e dous do seu protocolo, polo Concello de Pontevedra, representado polo seu Alcalde do Miguel Anxo Fernández Lores e por dona Victoriana Jorde Herrero, coma Nai Abadesa e no nome e representación da *Orden de Santa Clara, Comunidad de Religiosas Clarisas (Monasterio de Santa Clara de Santiago)*, NIF R1500018-E.

Superficie: 12.860 m<sup>2</sup>, dos que 2.450 m<sup>2</sup> están edificadas e 10.410 m<sup>2</sup> constitúen superficie descuberta, na que existen diversas plantacións de árbores, froiteiros, vides, parras e plantas ornamentais. No Catastro consta que a superficie é de 12.925 m<sup>2</sup>.

Referencia catastral: 9780004NG2998S0001PL.

Inscrición: Parcela inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontevedra, número 1, ao folio 91 do libro 372, tomo 859 do arquivo, inscrición 1<sup>a</sup> da leira rexistral número 3.5247, con C.R.U. 36014000311276.

Descrición do predio con lindeiros: Parcela sita na rúa Santa Clara número dezaseis da cidade de Pontevedra. Dita parcela refírese a unha edificación con destino a Convento, de dous mil catrocentos cincuenta metros cadrados (2.450 m<sup>2</sup>) de superficie construída e dunha superficie descuberta de dez mil catrocentos dez metros cadrados (10.410 m<sup>2</sup>). Os seus lindes son: Norte, rúa Santa Clara; Sur, Praza de Barcelos e Manuel Alén (Abén na escritura) antes; Este, Obra Sindical



do Fogar; e Oeste, María Rodríguez del Corral e José Barreiro Carballal, hoxe María Concepción Barreiro Antas, Concello de Pontevedra e Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa Cobián Roffignac núm. 24.

Tanto o predio anexo como o propio mosteiro destináronse no seu día a habitación, servizo e culto da Comunidade da Orde de Santa Clara, con rango de Cláusula Papal.

Cargas, gravames, arrendamentos e ocupacións: Aínda que o inmovible foi adquirido polo Concello libre de cargas, gravames, arrendamentos e/ou ocupacións e pode destinarse a fins propios da súa competencia e a calquera outro fin, deberan respectarse as limitacións de destino do antigo “templo” e de depósito custodia e conservación que se sinalan no título adquisitivo municipal.

Obrigas de destino: depósito, custodia e conservación: A Deputación como adquirente, subrógase, coa sinatura do presente, nas obrigas asumidas polo Concello no acto de adquisición do inmovible que deberán constar no Rexistro da Propiedade e que se determinan nas cláusulas 4ª e 5ª, dentro dos acordos e obrigas asumidos pola Administración Provincial en virtude deste Convenio.

#### Condicións urbanísticas:

- Solo urbano: O recinto conventual sitúase dentro do solo Urbano do vixente PXOU, aprobado definitivamente por Orde da COTOP de data 18/12/1989 (DOG núm. 9 do 12/01/1990; normas e ordenanzas publicadas no BOP núm. 27, do 02/02/1990).
- Solar: Cumpre as condicións de solar do art. 18 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia. Equipamento (Rueiro n.º 41 do PXOU).
- Equipamento: O equipamento actual correspóndese ao tipo de equipamento socio-asistencial definido no art. 92 da normativa do PXOU. Neste tipo de equipamento intégranse tamén os usos: administrativo, cultural, mercados, residencias anciáns, sanitario, recreativo, deportivo...A regulación da modificación e edificabilidade do mesmo regúlanse polos artigos 93 e 94 da normativa do PXOU, ademais de pola vixente e normativa urbanística e de protección do patrimonio cultural.
- Inmovible catalogado: Figura recollido na Ficha número 1 do Catálogo da Cidade Conservación e protección con carácter monumental Catálogo de Edificacións e Elementos a Conservar da Cidade e do Rural (BOE



N.º 108 DO 07.06.1994). Tamén no Catálogo do Plan básico autonómico (decreto 83/2018, do 26 de xullo) co número id 46135.

- Obras e actuacións permitidas: Restauración de monumentos, conforme á regulamentación de obras á que están suxeitos os edificios catalogados na cidade, recollida na normativa do Catálogo de Edificacións e Elementos a Conservar da Cidade e do Rural (BOE N.º 108 DO 07.06.1994). Son autorizables as actuacións previstas no artigo 42.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

Destino do inmovible: Usos museísticos e culturais, concorrentes ou compatibilizados cos que se expresan na cláusula seguinte para os espazos non edificados e do antigo templo.

**Segunda.-** Parte do ben a ceder que se destina a usos compartidos: Afectación concorrente a uso público do bosque, horta e espazos non edificados e uso compartido do antigo templo.

A cesión que se pauta por medio deste convenio leva aparellada, de xeito expreso, ao abeiro do artigo 67 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas en relación co 17 Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, as afectacións concorrentes e usos compartidos que de seguido se relacionan:

### **1ª Afectación concorrente do bosque, horta e parte dos espazos non edificados ao uso público da cidadanía.**

- a) Deputación e Concello de Pontevedra, acordan que o espazo denominado bosque, a horta, así como parte do espazo descuberto do recinto conventual, cuxa superficie grafitase e detallase nos planos que se achegan como anexo I -e que poderá ser modificado en función do proxecto de intervención definitivo sempre que abranga, como mínimo, a metade da superficie total descuberta-, pase a compatibilizar o uso público dotacional, que se pacta neste convenio, co de zona verde ou espazo libre de titularidade do ente provincial destinado a uso público xeral, sen perder por iso a súa adscrición ao servizo público cultural titularidade da Deputación Provincial; ao considerar que tal actuación de apertura ao uso público é beneficiosa para toda a veciñanza da cidade e principalmente da barriada na que se sitúa, así coma para a propia institución e os servizos que esta presta que se abrirían ao goce de toda a cidadanía.



- b) O uso compartido de carácter público pola cidadanía que se estipula como afectación concorrente desenvolverase en horario diúrno durante o tempo máximo posible e como mínimo durante o horario de apertura ao público do Museo.
- c) O réxime de utilización será consensuado co Museo de Pontevedra polo Concello de Pontevedra, que será o encargado do seu sostemento en canto á limpeza, coidado e mantemento do xardín e espazo de uso público, correspondendo ao Museo a iluminación e seguranza do recinto. En todo caso, para actividades organizadas ou xestionadas polo Concello ou polo Museo e/ou Deputación, os horarios adaptáranse ás necesidades destas actividades, quedando obrigado o Museo Pontevedra a permitila e facilitalas mesmo fóra do horario ordinario de apertura do recinto.
- d) A afectación concorrente pactada será efectiva unha vez culminadas as obras de acceso, re-axardinamento e adaptación para o uso publico accesible, sen prexuízo de que se manteña o réxime de visitas públicas ou calquera outras actividades organizadas polo Concello mentres non se inicien as obras ou, en todo caso, sempre que sexan compatibles co estado no que se atope o predio en cada intre.

## **2ª Uso compartido do inmovible que ocupaba o antigo templo do recinto.**

- a) O Concello de Pontevedra poderá dispor da antiga igrexa do convento situada e con acceso pola rúa Santa Clara e os seus espazos adxacentes que se grafitan nos planos do anexo I, para a realización de actividades promovidas, organizadas ou amparadas polo propio Concello ata un máximo de 182 días cada ano, coa única condición de que a reserva sexa comunicada ao Museo cunha antelación mínima de 10 días naturais.
- b) A Alcaldía e a Presidencia da Deputación, ou concelleira/o e deputada/o en quen deleguen, coordinarán as actividades a realizar na Igrexa, mediante a programación das datas de utilización reservadas a cada unha das partes asinantes, tendo en conta os principios de lealdade institucional e mutua cooperación, coa procura dunha pacífica distribución en orde a acadar unha axeitada e eficiente utilización do inmovible.
- c) O Concello asumirá os gastos específicos de acondicionamento do salón de actos a instalar no antigo templo e a reparación dos danos que eventualmente se produzan ocasionados pola realización neste de actividades promovidas, organizadas ou amparadas pola administración municipal, excluídos os gastos xerais de conservación, mantemento e limpeza, que lle corresponderán á Deputación.



### **Terceira.-** Acordos e obrigas do Concello de Pontevedra.

Coa sinatura do presente Convenio, o Concello de Pontevedra adopta os seguintes acordos e adquire as seguintes obrigas para materializar os obxectivos deste:

1. Cede gratuitamente á Deputación de Pontevedra, consonte ás condicións que neste convenio se sinalan, o ben descrito no punto primeiro, para que esta leve a cabo as obras de rehabilitación e, de ser o caso, reconstrución ou ampliación parcial, con destino a museo integrado na Rede do Museo de Pontevedra e con posible inclusión de instalacións destinadas á xestión integral dos fondos arqueolóxicos do Museo de Pontevedra; cesión que se compatibiliza coa afectación concorrente ao uso público do bosque, a horta e eidos non edificadas do recinto e uso compartido do antigo templo que se pautan na estipulación anterior.

A cesión terá carácter indefinido mentres se manteña o uso público cultural destinado a museo e usos complementarios, así coma as restantes finalidades da presente cesión.

Son obxecto desta cesión todos os bens, mobles e inmobles que se atopan dentro do inmovible cedido, incluído os que figuran no anexo III deste convenio (Anexo 2 do prego da compra municipal) coas excepcións que se establecen na escritura de compra venda municipal e con exclusión dos que se describen no anexo II deste convenio (Anexo 1 do prego municipal).

Polo tanto, non son obxecto de cesión a peza policromada que representa a Virxe, San Francisco e Santa Clara que se situaba na capela da horta nin a estatua ou escultura de Santa Clara apoiada como remate da fonte central, xa retiradas antes da compra polo Concello.

Tampouco adquire a propiedade do altar maior da Igrexa ou retablo maior, dos retablos colaterais esquerdo e dereito, do altar ou retablo da Virxe dos Desamparados, do púlpito, da sillería do coro nin e so órgano, nos termos que se determinan neste convenio.



2. O Concello para culminar a depuración xurídica do ben, comprométese a impulsar a solicitude de inscrición ao seu favor do ben no Rexistro da Propiedade, coas anotacións á marxe das condicións referidas ao destino do inmovible e custodia dos bens ás que se obrigou.
3. Manifesta que as condicións da cesión gratuíta, inclúen expresamente a subrogación nos compromisos de destino, conservación de bens e custodia adquiridos na compra do recinto así como a obriga da Deputación de realizar as obras referidas e manter o destino museístico durante un prazo mínimo de 50 anos, compatibilizado co uso público da horta e eidos non edificadas que se fixan neste convenio e/ou instrumentos xurídicos que a tal fin se formalicen no seu desenvolvemento.
4. A sinatura do presente convenio ten a consideración de acta de entrega da posesión da parcela por parte do Concello de Pontevedra, en favor da Deputación de Pontevedra.
5. Comprométese a impulsar a tramitación dos títulos habilitantes urbanísticos e de actividade que puidesen ser necesarios para as obras de rehabilitación e, de ser o caso, reconstrución ou ampliación parcial, con destino a museo integrado na Rede do Museo de Pontevedra e con posible inclusión de instalacións destinadas á xestión integral dos fondos arqueolóxicos do Museo de Pontevedra. Tamén das autorizacións e informes sectoriais precisos e tramitacións urbanísticas necesarias para acadar os obxectivos deste convenio.
6. Obrigas en relación ao uso compartido do bosque, horta e a Igrexa: Como contrapartida ao uso público da horta, bosque e parte dos espazos non edificadas e á reserva de uso da igrexa pautados na cláusula anterior, o concello de Pontevedra comprométese, unha vez rehabilitado e posto en funcionamento como Museo o actual convento de Santa Clara e rematadas as obras de reaxardinamento, a contribuír a sufragar os custes do sostemento do bosque, horta e parte da zona descuberta aberta ao público segundo o que se sinala na estipulación segunda. Tamén manterá as obrigas de destino e custodia ás que se comprometeu ao respecto do templo no contrato de compra.
7. Comprométese a colaborar no estudo e solución para permeabilizar o recinto non edificadas, habilitar o seu uso accesible e contribuír coa solución dos accesos, xa sexa mediante a adquisición da edificación lindeira cara ao norte,



propiedade do arcebispado ou coa posta a disposición dos espazos públicos municipais necesarios da praza de Barcelos e zona axardinada da rúa Santa Clara para tales finalidades.

8. O Concello será o encargado de trasladar e comunicar este acordo inter-administrativo á orde ou entidade denominada *Monasterio de Santa Clara de Santiago*.
9. Comprométese a colaborar coa Deputación provincial e a facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, dado que o presente convenio, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

**Cuarta.-** Acordos e obrigas que asume a Deputación de Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra, coa sinatura do presente Convenio, adopta os seguintes acordos e adquire as seguintes obrigas e compromisos para materializar os obxectivos deste:

1.- Acepta expresamente a cesión gratuíta de carácter indefinido e toma posesión dos bens e dereitos que abrangue a parcela descrita na estipulación primeira - incluídos os que se relacionan no anexo III-, nas condicións que se sinalan nas estipulacións do presente convenio, co compromiso de promover a rehabilitación do recinto conventual, pola súa conta, para destinalo a museo integrado na rede de museos da cidade de Pontevedra e que poderá abranguer as instalacións destinadas á xestión integral dos fondos arqueolóxicos do Museo de Pontevedra; destino que se compatibilizará co uso público, por parte da cidadanía, do bosque e horta, segundo o que se determina neste pacto e co uso compartido da Igrexa. Asemade, asume os gastos e tributos que xeren os bens e dereitos obxecto desta cesión.

2.- Comprométese expresamente ao remate das sondaxes e dos estudos arqueolóxicos e históricos do recinto conventual -comprometidos no protocolo asinado e arestora en avanzada fase de execución-, que servirán para concretar, de xeito definitivo, a viabilidade e sobre todo o alcance das obras de rehabilitación e, de ser o caso, ampliación ou reconstrución do recinto para destinalo aos usos pactados. Tamén, a acometer aqueles outros traballos e



estudios previos complementarios que fosen precisos para a redacción do proxecto técnico de habilitación do recinto conventual con destino a museo e, de ser necesaria a realización de obras, a redactar, ao seu cargo, o proxecto ou proxectos técnicos que fosen preceptivos, así coma a solicitar as licenzas e títulos habilitantes necesarios e a licitar, adxudicar, dirixir e recepcionar as obras precisas para habilitar o novo uso.

A habilitación dos usos museísticos e o seu mantemento serán financiados con fondos propios da Deputación ou con axudas ou colaboración doutras administracións.

3.- Comprométese a someter ao Concello a aprobación do proxecto de obras de reaxardinamento da parte non edificada no prazo máximo de dezaoito meses dende a sinatura deste convenio e, en xeral, obrígase a solicitar os demais informes sectoriais e/ou títulos habilitantes preceptivos, de natureza urbanística ou de actividade.

4.- Acepta a afectación concorrente do eido non edificado que permita compatibilizar o novo uso ou destino museístico co uso público do bosque e a horta por parte da cidadanía e o uso compartido da igrexa, tal e como se reflicte na cláusula segunda e coas condicións que neste convenio se dispoñen.

A referida aceptación farase efectiva unha vez rematadas as obras de reaxardinamento que fagan compatible e accesible o “bosque”, a horta e a parte non edificada para o seu destino concorrente ao uso público.

O mantemento dos espazos de uso compartido efectuarase segundo o establecido na estipulación segunda.

5.- Para o efectivo uso pola cidadanía, a Deputación comprométese a permeabilizar co exterior as zonas descubertas de uso público, previa obtención das correspondentes autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, tanto pola rúa Santa Clara, coma mediante o acceso pola Praza de Barcelos, coa colaboración comprometida do Concello.

6.- Comprométese a potenciar e organizar todas as actividades que sexan compatíbeis cos traballos preparatorios para a rehabilitación de Santa Clara, incluso durante a execución das propias obras: actividades na igrexa, visitas e





actividades na horta, etc... Tamén se compromete a permitir ao Concello a súa promoción e organización nese intervalo temporal.

7.- Obrígase a dedicar o recinto a usos museísticos e complementarios no prazo máximo de catro anos dende a sinatura deste convenio, usos susceptibles de seren habilitados por fases e mesmo seren obxecto de prórroga polo mesmo prazo de catro anos; así coma, a manter o referido destino, unha vez habilitado, durante un prazo mínimo de 50 anos, sempre compatibilizados co uso público da horta, bosque e eidos non edificadas e co uso compartido da igrexa.

8.- Queda obrigada á remisión de xeito electrónico ao Tribunal de Contas e/ou ao Consello de Contas do texto do presente convenio e a prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles corresponden, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

9.- Subrógase expresamente nos compromisos referidos ao destino do ben adquiridos polo Concello, para o que a Deputación obrígase e comprométese a:

- a) Destinar as dependencias que conforman o templo a calquera dos seguintes usos:
  - Templo católico.
  - Culturais.
  - Calquera outro de similar natureza, dentro dos seus fins institucionais como entidade adquirente ou entidade pública que ostentará no futuro un dereito de uso ou propiedade sobre este.
- b) Non adicar as dependencias do templo a actividades contrarias á dignidade propia do uso para o que foi concibido, ou que dalgún modo poidan comprometer ou ofender a súa histórica significación relixiosa e os propios sentimentos relixiosos. En todo caso, non se consideran que revistan este carácter os usos enunciados anteriormente aos que se pode destinar o templo.
- c) En relación á obriga de destino do templo establecida neste estipulación, a Deputación de Pontevedra, ao igual que o Concello de Pontevedra, obrígase a facer constar a mesma en calquera documento de transmisión da titularidade do templo sinalado e impoñerlla ao futuro e posible adquirente e que este, se o transmite, lla impoña aos futuros adquirentes e así sucesivamente aos futuros adquirentes.



d) A facer constar esta obriga de destino pautada neste convenio na inscrición ou constancia no Rexistro da Propiedade mediante nota á marxe da inscrición.

10.- Subrogación nos compromisos referidos ao depósito, á custodia e conservación de bens, adquiridos polo Concello:

a) A Deputación de Pontevedra, por medio do presente asume como depósito e custodia e conservación dos bens aos que se refire o anexo II deste convenio (coincidente co anexo 1 do prego do expediente de compravenda municipal) por un período máximo de 4 anos a contar desde a sinatura do contrato de compravenda polo Concello o 01/12/2021.

Durante este período temporal, a Deputación, ao igual que o Concello de Pontevedra, non poderá retirar ou trasladar os bens que se enumeran no anexo II do templo, nin cederllos a terceiros sen o consentimento previo e por escrito da *Orden de Santa Clara, Comunidad de Religiosas Clarisas (Monasterio de Santa Clara de Santiago)*, NIF R1500018-E.

b) Como a devandita Orde e o Concello xa valoraron o feito de que este último puidese, en relación aos bens aos que se refire o anexo II deste convenio, mostralos ou exhibilos ao público, a Deputación, poderá tamén, sempre que estes bens estean dentro do recinto obxecto deste convenio, amosalos ou exhibilos ao público mediante a organización de visitas, sen ningunha contraprestación ou indemnización para a Orde de Santa Clara.

c) A Deputación, asume e subrógase nas demais obrigas do Concello establecidas pola lexislación civil á parte compradora nos contratos de compravenda, así coma as que se impoñan polas decisións, requirimentos, autorizacións ou decisións similares do órgano competente en materia de protección cultural.

**Quinta.-** Réxime dos bens aos que se refire o Anexo II deste convenio.

Os bens que se enumeran como anexo II deste convenio seguirán a ser da titularidade da *Orden de Santa Clara, Comunidad de Religiosas Clarisas (Monasterio de Santa Clara de Santiago)*, NIF R1500018-E, durante o prazo e consonte ao réxime que se sinala no outorgando 5 da escritura de compravenda efectuada polo Concello que se achega como anexo IV ao presente convenio e que a Deputación, a través da persoa que a representa, manifesta coñecer e subrógase nas obrigas municipais que nesa cláusula 5 se expresan.



No seu desenvolvemento, incorpóranse ao referido anexo IV ademais da escritura, as excepcións respecto da titularidade e o réxime específico consecuencia da cesión estipulada neste convenio.

#### **Sexta.-** Financiamento.

A Deputación asumirá o financiamento da redacción e execución dos proxectos construtivos de rehabilitación, reconstrución e/ou ampliación e de obra ordinaria de re-axardinamento obxecto do presente convenio, incluídos os gastos de conservación e mantemento do museo e templo así como os de seguranza e alumeadado de todo recinto conventual; sen prexuízo de levar a cabo as xestións con outras administracións e entidades para acadar a colaboración económica que poida minorar a carga orzamentaria que se derive.

Pola súa banda o Concello contribuirá ao financiamento dos custes de sostemento da zona descuberta referidos á limpeza e mantemento das zonas verdes e xardíns e espazos descubertos destinados ao uso público, consonte ao fixado neste convenio.

O pagamento das taxas, gravames e impostos derivados das actuacións referidas neste convenio serán asumidas pola Deputación, segundo o establecido legalmente.

#### **Sétima.-** Natureza xurídica, entrada en vigor, vixencia e prórroga do convenio.

Dado o seu contido e natureza este convenio administrativo rexerese -ademais de polo disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público- pola normativa urbanística e pola reguladora do patrimonio das administracións públicas e, especificamente, pola normativa reguladora dos bens das entidades locais, pola de protección do patrimonio cultural e pola demais normativa aplicable. Neste senso, observa os requisitos da lexislación de réxime xurídico do sector público e do réxime local, ademais da reguladora do patrimonio das administracións públicas e, especificamente, da normativa reguladora dos bens das entidades locais, plasmados nos correspondentes expedientes que se tramitan en ámbalas administracións.

Xa que logo, o presente convenio ten natureza administrativa, co contido de convenio de colaboración administrativa de carácter patrimonial.



Por tal motivo, o convenio entrará en vigor e será efectivo o día da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata a finalización das obras obxecto do presente convenio ou, en todo caso, ata o transcurso de catro anos dende a data da súa sinatura.

No caso de que, por motivos xustificados, ou pola súa execución por fases, as obras do presente convenio non estivesen rematadas cando finalice o prazo de vixencia, poderá prorrogarse, coa conformidade expresa das partes asinantes.

#### **Oitava.-** Reversión.

As cesións realizadas polo Concello de Pontevedra en favor da Deputación de Pontevedra teñen un uso finalista e condicionado. Salvo que se acorde outra finalidade, de común acordo, de entre aquelas que condicionan o destino do ben, será motivo de reversión a perda da finalidade e usos para as que foron cedidas.

#### **Novena.-** Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra e o secretario do Concello de Pontevedra, ou persoas en quen deleguen e un representante do persoal técnico de cada administración. Esta comisión será o órgano de planificación, seguimento e avaliación das accións derivadas deste convenio e entenderá e propondrá a resolución de todas as cuestións relacionadas con el e cos convenios específicos.

A comisión reunirse sempre que o solicite unha das partes, no prazo máximo de dez días e, canda menos unha vez ao ano, para elevar informes e propostas aos órganos reitores de ámbalas partes.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas e, no seu caso, a súa modificación.
2. Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do seu contido.



3. En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a súa resolución.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de dez días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

#### **Décima.-** Causas de resolución.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
2. O acordo unánime dos asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte non cumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén aos responsables da Comisión de Seguimento e Control.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores, prevista no convenio ou en calquera outra normativa aplicable.

#### **Undécima.-** Xurisdición.

As partes comprométese a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio, a través da Comisión de Seguimento. De persistir a diverxencia, as partes someteranse á xurisdición contencioso-administrativa da cidade de Pontevedra, en orde á resolución de conflitos sobre a interpretación e cumprimento do presente convenio.

E, en proba de conformidade con todo o anterior, asinan o presente convenio, de xeito electrónico e a un só efecto, na data indicada ao inicio.



A Presidenta da Deputación,  
M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego

O Alcalde do Concello de  
Pontevedra Miguel A. Fernández  
Lores


O Secretario Xeral da Deputación,  
Carlos Cuadrado Romay

O Secretario do Concello de  
Pontevedra,  
José Carlos Castiñeira Piñeiro

Os devanditos Anexos son os seguintes:



ANEXO I.- Santa Clara. Plano xeral:



ANEXO II: (Anexo I do Prego municipal CSV 501YL5OQ4YPQKIKK)

1.1. Altar maior da Igrexa ou retablo maior





## 1.2. Retablo colateral dereito



### 1.3. Retablo colateral esquerdo



#### 1.4. Retablo ou altar da Virxe dos Desamparados



## 1.5. Púlpito



## 1.6. Órgano



## 1.7. Sillería de coro





ANEXO III  
(Anexo 2 Prego municipal CSV 501YL5OQ4YPQKIKK)

2.1. Reloxo de sol



2.2. Cruceiro





### 2.3. Lavadeiro exterior 1



### 2.4. Lavadeiro exterior 2



## 2.5. Lavadeiro interior.



## 2.6. Pozo



## 2.7. Capela do xardín



## 2.8. Campá da igrexa



## 2.9. Enreixado do cemiterio conventual



2.10. Fonte central, excepto a estatua ou escultura de Santa Clara apoiada como remate na fonte central que non forma parte do obxecto deste contrato de compravenda.



## 2.11. Lagar



### ANEXO IV.-

No mesmo inclúese a escritura de adquisición por parte do Concello de Pontevedra do Recinto Conventual e Templo de Santa Clara como ben de dominio público-servizo público, formalizado mediante escritura pública outorgada o día 01/12/2021 perante o Notario desta cidade Don Francisco León Gómez, co número 2.972 do seu protocolo.

Os arquivos coa documentación do ANEXO I, ANEXO II, ANEXO III e ANEXO IV están dispoñibles nos expedientes CIVIDAS NÚMEROS 2022071489 e 2022073601.

### 6.7906.- **APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO DE PONTEVEDRA (ZONA SUR) (EXPTE. 2022072616)**

Sra. Presidenta.- Pasamos polo tanto ao punto 6 da orde do día. Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación para



levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra. Non hai solicitude de intervencións. Polo tanto, someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen o obxectivo compartido da renovación da iluminación pública na zona sur do casco urbano de Pontevedra para mellorar a calidade do servizo en materia de eficiencia enerxética e redución das emisións de CO<sub>2</sub> no municipio. Esta actuación prevé un reforzo da iluminación en pasos de peóns e nos espazos e vías peonís do Concello, mellorando a seguridade peonil do municipio, coa finalidade de crear un espazo público máis seguro e cunha mobilidade máis amable, en cumprimento dos principios e criterios da Rede Ágora da Deputación de Pontevedra, da que forma parte o Concello de Pontevedra.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo as *“Obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (Zona Sur)”* e así, en data 02/12/2022 e núm. de rexistro web 2022061828, o Concello de Pontevedra presenta pola sede electrónica unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do devandito convenio. Asemade, segundo o proxecto de execución do referido investimento a estimación económica para a súa execución será de 1.578.347,27 €, IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado integramente pola Deputación, coa achega de 827.000,00 € no exercicio 2022 e 751.347,27 € no exercicio 2023.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. A estes efectos a proposta de convenio infórmase pola xefa do Servizo de Cooperación. Asemade, o proxecto técnico foi supervisado polos servizos técnicos provinciais. Pola súa banda, solicítase á Intervención Xeral provincial, logo de dar conta dos antecedentes e normativa de aplicación, a fiscalización e conformidade do expediente.
- Someteuse ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos





Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social levar a cabo as  
“Obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (Zona Sur)”.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).

### Consideracións Xurídicas

#### Competencia

- Artigo 25.2.d) e b) e artigo 26.1.a) da LRBRL, que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade e medio ambiente urbano, en concreto, protección contra a contaminación lumínica nas zonas urbanas. Todo elo, en concordancia co artigo 80.2 da LALGA que dispón que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover



actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal, así como nas de medio ambiente urbano, en particular, na de protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47<sup>a</sup> e 48<sup>a</sup> de execución do orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Procedencia do convenio



- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as deputacións provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2022, dotación orzamentaria na aplicación 2022/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.



## CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución das obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur).

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación do *“Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (Zona Sur)”*.

### RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16<sup>a</sup>.3.b) das Bases de execución do orzamento provincial, compételle ao Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do TRLRFL.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial; e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 16/12/2022 (CSV: R19D2R8IJ9N4LNVV), o Pleno acorda por unanimidade:



- Aprobar o “*Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur)*”.

Este convenio, cuxo texto literalmente transcrito di como segue, condiciónase á súa aprobación polo Concello de Pontevedra:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO DE PONTEVEDRA (ZONA SUR)

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

### **INTERVEÑEN**

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

Doutra, Don Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde-Presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando Don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e Don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de Secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

### **EXPOÑEN**

I. Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plan e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.



II. Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, entre outras de carácter diverso.

III. Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopan o medio ambiente, en particular a protección contra a contaminación lumínica e atmosférica nas zonas urbanas, as infraestruturas de titularidade municipal e o aseguramento na axeitada prestación dos servizos de competencia municipal, entre os que se atopa, como de prestación obrigatoria, o de iluminación pública.

A finalidade deste acto é establecer unha cooperación destinada a conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente na renovación da iluminación pública na zona sur do casco urbano de Pontevedra para mellorar a calidade do servizo en materia de eficiencia enerxética e redución das emisións de CO<sub>2</sub> no municipio, de xeito que o proxecto de obras previsto contén as máis estritas condicións técnicas en materia de eficiencia enerxética, en concreto as fixadas polo Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía (IDAE).

Por outra banda, a actuación obxecto desta cooperación interadministrativa prevé un reforzo da iluminación en pasos de peóns e nos espazos e vías peonís do Concello, mellorando a seguridade peonil do municipio, coa finalidade de crear un espazo público máis seguro e cunha mobilidade máis amable, en cumprimento dos principios e criterios da Rede Ágora da Deputación de Pontevedra, da que forma parte o Concello de Pontevedra.

Cómpre subliñar tamén que a actuación acometerase na iluminación pública dos espazos peonís do centro urbano da cidade e nos viais urbanos do centro, existindo nalgún caso coincidencia co trazado de estradas que antes eran de titularidade provincial, como son a PO-0012 ou a PO-0011, cedidas ao Concello no ámbito das relacións de cooperación e colaboración que preside tamén a subscripción deste convenio.

IV. Que o artigo 25.2.d) da LRBRL, e en sentido semellante o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal, así como nas de medio ambiente urbano, en particular, na de protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas. Subliñar tamén, que o artigo 26 da dita lei establece como un servizo que deben de prestar todos os municipios o de iluminación pública.

Por outra banda, o art. 36.1.c) da mesma norma de réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal;



competencia en relación coa cal a Deputación ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas e equipamentos dos concellos da provincia a fin de maximizar o benestar social do conxunto da cidadanía mediante o acceso a infraestruturas e servizos públicos sostibles e respectuosos co medio ambiente.

V. Que a Deputación, nos orzamentos do ano 2022, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Pontevedra.

VI. Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; o artigo 57 da LRBRL; os artigos 198 e seguintes da LALGA; así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

VII. Que a lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que instrumenta este convenio dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

VIII. Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da LXS, séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións. Neste senso, á vista do artigo 22.2 acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello e polo interese veciñal das actuacións. Así mesmo, no artigo 28.1 da LXS establécese que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

IX. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos principios de colaboración e cooperación, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra establecen como un dos seus obxectivos estratéxicos a actuación coordinada de apoio en materia de equipamentos e infraestruturas de titularidade municipal e acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo as seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto do convenio**

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración económica entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación de iluminación pública na zona sur do casco urbano de Pontevedra, regulando as obrigas e compromisos de cada unha das partes asinantes.



## Segunda. Financiamento

O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de un millón cincocentos setenta e oito mil trescentos corenta e sete euros con vinte e sete céntimos (1.578.347,27 €), IVE incluído, que se corresponde co orzamento de execución da obra obxecto da colaboración pactada, que será financiado integramente pola Deputación de Pontevedra nas anualidades 2022 e 2023, contra a aplicación 2022/942.9420.762.14 e a correspondente aplicación do orzamento do organismo provincial do ano 2023 quedando, en todo caso, condicionada a eficacia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente logo da aprobación do orzamento do exercicio 2023.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.

O financiamento necesario para a realización da obra comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2022	2023	TOTAL
Deputación de Pontevedra (100%)	827.000,00 €	751.347,27 €	1.578.347,27€

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución das obras que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

## Terceira. Execución

1. A execución das actuacións e contratos á que se refire o presente convenio, terá lugar durante os anos 2022 e 2023 de acordo coas obrigas de financiamento indicadas na cláusula segunda.

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos citados contratos poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á





Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2. O proxecto técnico aprobado polo Concello de Pontevedra e que se achega ao expediente tramitado para a aprobación do presente convenio, determina o ámbito de actuación do convenio.

3. A Deputación poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

4. As actuacións realizadas no marco do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación. A dita comprobación material é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

5. Cando rematen as obras, o Concello de Pontevedra comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e a certificación dos acordos municipais que aproben a recepción das obras executadas e a certificación final destas.

#### **Cuarta. Compromisos do Concello de Pontevedra**

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- Redactar e aprobar a documentación técnica pertinente e o correspondente proxecto de obra, asumindo o seu custo, e debendo remitila aprobada á Deputación.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Licitar, dirixir, executar, controlar e recibir a obra segundo a documentación técnica pertinente e o correspondente proxecto técnico.
- Remitir, unha vez formalizado o contrato de obra, unha copia deste á Deputación, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente un representante da Deputación.
- Xustificar ante a Deputación o investimento realizado mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; aboándose para cada certificación que se presente a parte proporcional en relación ao custo total do investimento.
- Comunicar á Deputación a data e hora en que terá lugar o acto de recepción das obras, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Institución Provincial.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que as obras obxecto do presente convenio se levaron a cabo en colaboración coa Deputación.



- Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Cumprir as obrigas contidas na LSG, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido na LXS, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

#### **Quinta. Compromisos da Deputación de Pontevedra**

A Deputación obrígase a:

- Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.

#### **Sexta. Xustificación e pagamento**

Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da achega económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria unha vez que o Concello de Pontevedra xustifique axeitadamente a realización do proxecto para o que se concedeu a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.

O tipo de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Facturas rexistradas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.
- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.
- Certificacións de obra executada.

Xunto coa primeira certificación chegarase a seguinte documentación:

- Unha copia da acta de comprobación de replanteo.



- Unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- O nomeamento do/a director/a de obra e coordinador/a de seguridade e saúde.
- O contrato de adxudicación da obra.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- O acordo ou resolución de aprobación do proxecto técnico do investimento.

Xunto coa última certificación achegaranse:

- Informe final do/a director/a de obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte a Lei de Contratos.
- Acta de recepción.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Declaración responsable de non estar o beneficiario incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da LSG, para ser beneficiario desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A xustificación deberá de presentarse ante a Deputación de Pontevedra no prazo máximo de tres meses dende o fin da actuación subvencionada. O prazo máximo para presentar a xustificación da achega será o 31 de marzo de 2024.

O Concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada. A documentación xustificativa verificarase polos servizos técnicos provinciais e fiscalizarase pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

### **Sétima. Compatibilidade con outras subvencións**

Conforme ao disposto no artigo 65.3, letra c) do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

### **Oitava. Publicidade**



En toda a documentación e informacións relativas á actuación á que se refire o presente convenio figurarán en todos os formatos os logotipos da Deputación e do Concello de Pontevedra.

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación e o Concello de Pontevedra.

No cartel de obra figurará a imaxe corporativa da Deputación Provincial e o financiamento da administración provincial ás obras obxecto do presente convenio.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

### **Novena. Comisión de Seguimento**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A comisión reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.



As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao/á seu/súa secretario/a que levantará acta das súas reunións.

### **Décima. Vixencia**

O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31 de decembro de 2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2024.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

### **Décima primeira. Extinción e causas de resolución**

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **Décima Segunda. Réxime xurídico e xurisdición competente**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores.  
O Secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro.  
A Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, María del Carmen Silva Rego.  
O Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”.

- Facultar á Presidenta para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello de Pontevedra, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia e ó Gabinete de Prensa.

7.7907.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “REFORMA DA CASA DA XUVENTUDE DE FORCAREI PARA USOS MÚLTIPLES” PRESENTADO POLO CONCELLO DE FORCAREI AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021039333)**

Sra. Presidenta.- No punto sexto, sétimo, perdón, da ..., ¿Sr. Cubela, me pediu a palabra? ¡Ah! Punto sétimo. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Reforma da Casa da Xuventude de Forcarei para usos múltiples”, presentado polo Concello de Forcarei ao abeiro do programa REACPON. Non sei que pasa, ¿vai vostede a pedir a palabra agora neste punto? Vou a darlle a palabra en primeiro lugar ao concelleiro Carlos Font, perdón, Santos Héctor.

Sr. Rodríguez Díaz.- Gracias Presidenta. Bo día a todas e a todos. A verdade é que a aprobación deste proxecto modificado para a Casa da Xuventude de Forcarei, para usos múltiples, que foi solicitado ao abeiro do programa Reacpon, pois contaba cun proxecto, cun orzamento inicial de 469.503,45€, a subvención da Deputación de 413.991,18€, e era cofinanciado dende o concello co Plan Concellos con 73.057,27€. O proxecto que presenta o concello reformulado pasa a un orzamento de 524.546,95€, a subvención do Reacpon 413.991,18€, exactamente igual que no proxecto inicial, a cofinanciación do Plan Concellos



tamén a mesma, 73.057,27€, e o resto da cofinanciación, 55.043,50€ con cargo á reinversión da baixa da licitación. Certamente ¿por que se reformula este proxecto inicial?, pois unha vez iniciadas as obras xurdiron unha serie de patoloxías asociadas á estrutura de formigón do edificio, que debía resolverse antes de seguir cos propios traballos, que os cambios introducidos obedecen a circunstancias non previstas, segundo o artigo 205.2.b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, e representan o incremento do 11,72%, financiado na súa totalidade polo Concello de Forcarei. Ao orzamento total deste proxecto modificado se lle aplicará a baixa contractual realizada pola empresa adxudicataria que supón un 11%. Examinado o proxecto na Deputación pola comisión de persoas expertas do programa Reacon, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, e tendo en conta os cambios no proxecto pódese concluír que: primeiro, non afectan aos aspectos técnicos e aos obxectivos da Axenda 2030 nin ás políticas palanca; segundo, que non afectan á porcentaxe de aforro enerxético inicial; terceiro, que non afectan ás autorizacións sectoriais obtidas para o proxecto orixinal manténdose o grado de madurez. E, polo tanto, mantense a puntuación obtida na baremación do acordo, os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria. Por iso, en base a este informe, se trae esta modificación a este Pleno da Deputación.

Sra. Presidenta.- Gracias. *(Non se escoita tempos 00:31:00.20 a 00:31:07.22) ...*

Sr. Cubela López.- Si. Bos días. Antes de nada e de entrar en debate felicitar as festas a todos os compañeiros da Corporación Provincial e do goberno provincial. Ben, estudando este expediente, queremos sinalar unha serie de cuestións, dentro da documentación que hoxe vén a Pleno, que consta un certificado da Secretaria do Concello, do acordo do Pleno da Corporación municipal de aprobación do proxecto de 7 de decembro de 2022, e que a acta da comisión de persoas expertas do Reacon, é un proxecto que a Deputación non tiña para o seu estudo o día da comisión. Explícome, vén no expediente que a empresa redactora do proxecto envía este proxecto ao concello o día 12 de decembro ás 20:00 horas da tarde, o concello rexistra este proxecto no Rexistro da Diputación ao día seguinte, o día 13 de decembro ás 9:46 horas, e repito, hai unha acta da comisión de expertos, celebrada o día anterior a que entrara o proxecto por rexistro, é dicir, o día 12 de decembro ás 13:30 horas fírmase esta acta, cando nin o propio Concello de Forcarei recibira ese proxecto firmado e que remiteu ao día seguinte. Espero telo explicado de forma concisa. Curioso tamén, vén no expediente, que vén hoxe a Pleno, que a acta desa reunión de



expertos di textualmente que chama a atención quen en ausencia da xefa do Servizo de Arquitectura non se designara outra persoa na súa substitución. Cremos que a ausencia da xefa do Servizo de Arquitectura é moi significativa, sendo ademais un proxecto modificado, que debería ser estudado polo Servizo de Arquitectura, por tratarse dun modificado nun edificio, unha modificación que se xustifica nas graves patoloxías detectadas nos elementos estruturais do edificio, e que comprometen a estabilidade da edificación e que foron valoradas e axustadas á baixa da propia obra, cunha diferenza de tan só 30€. E que visto o sucedido na comisión de expertos, onde informaron un proxecto que non recibiran, repito, e onde o Servizo de Arquitectura non quixo participar, tamén queremos engadir que hai un incumprimento da base 6ª, reguladora do Programa Provincial Reacciona Pontevedra, por non dispor da titularidade. Explícome, o Pleno da Diputación, en sesión extraordinaria de 17 de decembro de 2021, acordou conceder unha subvención ao Concello de Forcarei para a reforma da Casa da Xuventude para usos múltiples, a pesar de non dispor da titularidade dos terreos nin dun dereito de uso nin cesión sobre estes que teñan unha duración indefinida como recollían as bases do Reacon, i tal como queda acreditado no expediente que tamén está hoxe no Pleno. A Diputación acorda conceder a subvención ao Concello de Forcarei e exclúe por non ter a titularidade a outros concellos por non dispor da mesma, Arbo ou Ribadumia, por exemplo. Consta no expediente desta Diputación, ademais, un certificado da Secretaria municipal do Concello de Forcarei, de data 27 de setembro de 2021, aclarando, de oficio ademais, que o concello non conta con este requisito que incumpre a base 6ª reguladora do programa Reacon. E que a alcaldesa, que nos parece grave, que o fixera en data 6 de outubro do 21, solicita á Deputación que dito informe enviado de oficio pola Secretaria municipal sexa anulado e non tido en conta na tramitación do expediente. ¡Hai que ter valor, ir costa abaixo i sen frenos! E ademais falamos dunha alcaldesa que non tramita polo procedemento ordinario estas subvencións, que non convoca Plenos ordinarios, que envía proxectos á Deputación que non son aprobados polo Pleno do concello, que minte sobre a titularidade, que solicita por escrito que se anulen informes do expediente emitidos pola Secretaria, é dicir, pola Asesoría Xurídica do concello, que funciona á base de mentiras, como que está construindo un centro de día, outra mentira máis, tal e como se pode observar no propio proxecto; que fai modificados adaptados á baixa económica da licitación, poñendo en risco a estabilidade do edificio, e que pode causar un grave dano ao Concello de Forcarei e aos seus veciños e veciñas. Por responsabilidade cos veciños de Forcarei, e a petición do Grupo Municipal tamén do Partido Popular, solicitamos que se retire este punto da orde do día, se





reúna a Comisión de seguimento, como así o recolle a cláusula décima do Convenio e se dean as explicacións e as respostas que hoxe plantexa o Grupo Provincial do Partido Popular.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Eu quedome absolutamente atónito. Hai unha Comisión aquí de funcionarios, na que non hai ningún membro do goberno e tampouco lles vale. Cando veñen concellos do PP que piden modificacións non hai ningún problema, non lle miran as comas, os puntos, se ten unha sombra, se non ten, se deixa de ter, agora como veña un que non sexa do PP, xa pasou con Pontearreas e tal, entonces dando a lata. De verdade, de verdade, son funcionarios a maioría, que entraron con ustedes gobernando aquí, ¿que pasa?, ¿teñen algunha dúbida dos funcionarios? Se informan os funcionarios así pois será porque o fan ben, entonces os problemas internos do Concello de Forcarei e demais, quedome atónito, atónito, de verdade, de verdade que é algo absolutamente increíble, porque di, non, é que se facemos un programa discutan as bases, pero despois as adxudicacións fainas unha comisión de funcionarios e funcionarias, non intervimos nós para nada, para nada, e esto o informou unha comisión, e entonces que se chego antes, non sei que, pois claro, chegaría antes, claro, se lle dicimos que non xa non o leva ao Pleno, claro. É que son cousas francamente, absolutamente increíbles, ou sea, cousa destrutiva, ¿non?, absolutamente destrutiva, onde non gobernan ustedes, onde gobernan ustedes pode vir como veña que non lle buscan os cinco pés ao gato, non sei canto, agora, cando vén algún que non é, e teñen vostedes alí un grupo municipal que quere guerra, ala, traen a guerra aquí e demais. É increíble, de verdade, é increíble, eu estou absolutamente admirado, non sei como queren que funcione esta Diputación. Máis transparencia imposible, pero é igual, siguen, siguen erre que erre, e curiosamente, porque se nos poñemos así podíamos poñer un criterio, parte dos concellos que pediron os seus e demais e modificalos, e tamén fixeron, pois tamén podíamos poñernos así e demais. A batalla política con algo que fixeron os funcionarios, a quen están deixando en mal lugar é aos funcionarios, aló ustedes se queren enfrentarse con eles, pero nós vamos a defendelos e o que informen vámolo a levar adiante como sexa.

Sr. Rodríguez Díaz.- Moitas grazas Presidenta de novo. A verdade é de que eu teño que escomenzar primeiro desmentindo totalmente o que dicía o Sr. Cubela, o que dicen non é certo. A Secretaria informou o proxecto pero en Diputación non se podía verificar a validez das firmas e a empresa tuvo que refirmalo e enviar de novo a Cooperación para podelo abrir correctamente. Mire, Sr. Cubela,



ustedes levan cuestionando, como decía o Sr. Mosquera, solo certos modificados pero eu lle teño que recordar que hai algúns como Baiona, Rosal, Meaño, Valga, Redondela, A Guarda, Salvaterra, A Cañiza, Dozón, ou Pontearreas e o mesmo Cerdedo-Cotobade, que incluso renunciaron a el despois de facer un modificado, eu aquí non quixera ser moi duro pero podiamos ata falar de incompetencia. E a esta lista se incorporan hoxe Bueu e Forcarei, pois resulta curioso que agora pretendan cuestionar este modificado cunha retahíla de posibles deficiencias e técnicas. Pero mire, non nos sorprende porque o levan facendo desde que se iniciou o procedemento de concesión desta infraestrutura tan importante para Forcarei que dende o PP, tanto local como provincial, non se fixo máis que tentar de poñer paus nas rodas para evitar a súa construción, chegaron a tal punto que quixeron facer unha revisión completa do expediente por si atopaban forma de paralizalo, accederon ao expediente completo e tiveron que calar, Sr. Cubela, tiveron que calar. Si cuestionan que, vostedes agora cuestionan á Comisión de seguimento, mire a Comisión de seguimento se reúne si hai algunha discrepancia ou si fora solicitado solicitado polo propio concello se podría facer esa comisión. Pero mire, este xa é o terceiro intento que fan vostedes para facerlle seguidismo a esta forma de querer que os veciños e as veciñas de Forcarei pois se queden sin unha infraestrutura importante porque si vostedes defenderan ós veciños e ás veciñas Forcarei agora mesmo estarían vendo a maneira de que esta obra se levara a cabo, pero ustedes non queren que se realice, ustedes non queren que as veciñas e os veciños de Forcarei teñan esta infraestrutura que están sacando con tanto esforzo o propio goberno local. Polo tanto, eu lles quero decir señores do Partido Popular, con todo o cariño, que a política non é isto, a política é axudar a construír unha sociedade con dereitos, con servicios para todos os veciños e veciñas, e dende logo vostedes hoxe con esta intervención e pedindo que se retire este punto o que fan é prexudicar ós veciños e veciñas de Forcarei. Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Sr. Cubela, ten a palabra.

Sr. Cubela López.- Sen ningún ánimo de acritude Sr. Mosquera que se pon un pouco altivo, ¿non?, neste punto. Nós non queremos buscar ningún transfondo, falamos do expediente que está hoxe neste pleno, punto. ¿Poden explicar señores do goberno provincial, Sr. Santos Héctor, como se reúne unha comisión de expertos o día 12, sin ter o proxecto enriba da mesa porque entra ó día seguinte no Rexistro da Deputación? ¿Por que falta a xefa de Servicio de Arquitectura? ¿Poden explicalo?, segunda pregunta ¿Por que falta a xefa do Servicio de



Arquitectura? Dato mata a relato. Miren, ademais aquí hai unha cuestión que seguro que o saben, porque vexo que viñan moi preparados, que o Reacpon de Forcarei ten estas peculiaridades: se aproba un primer proxecto, se modifica cun segundo proxecto, se envía á Deputación o 27, en setembro do 21, un terceiro proxecto, escoiten isto porque ó mellor, ó mellor non o saben, un terceiro proxecto que é aprobado pola Deputación ¿Saben cal é o que se colga no perfil de contratación na páxina web do Concello de Forcarei? O segundo, o que queremos evitar é un quebranto ás arcas municipais do Concello de Forcarei e actuar correctamente, porque ao mellor, se se profundiza polos servizos técnicos cando se fiscalice a xustificación desta subvención, ao mellor é o Concello de Forcarei o que ten que abonar a totalidade da obra, que é o que debería de pasar ¿Me poden responder a estas 3 preguntas? ¿Que proxecto orixinal é o que se modifica hoxe?, ¿o primeiro?, ¿o segundo?, ¿o terceiro? Porque total o Concello de Forcarei vai facer o que queira, ten a aprobación por parte da Deputación do terceiro, do de setembro do 21, e licita o do mes de xullo, ¡esto!, vamos, me imaxino que ningún outro alcalde ou alcaldesa de ningunha cor política na provincia nin en Galicia se atrevería a facer isto no seu concello. Isto é así, as firmas do proxecto que aparecen licitadas son as do segundo proxecto ¿Como non vamos a cuestionar i a bucear neste expediente que hoxe vai aquí?, non vamos a facer o mesmo nin a mesma declaración no seguinte punto, non o fixemos con outros Reacpons, pero aquí se fai un estudio pormenorizado do expediente, que xa digo que teño aquí, e dicimos o que dicimos e, polo tanto, non estamos atacando a nadie, estamos dicindo o que está enriba da mesa neste expediente. Si me poden responder a estas 3 preguntas, perfecto, pero xa veremos que pasa cando o Servizo de Intervención teña que fiscalizar este expediente cando se xustifique a obra. Mais nada.

Sra. Presidenta.- Vou a utilizar 2 minutos. Absolutamente vergonzoso, coma sempre, o comportamento do Grupo do Partido Popular nesta casa. Un ataque dende o principio a este proxecto de Forcarei, revisaron por arriba, por abaixo, Norte, Sur, Este e Oeste e tiveron que calar e agora xa no último momento rematando o ano 22, pois de novo, ¿non?, nun comportamento que realmente é incalificable intentan de novo manchar un proxecto que vai a mellorar a vida da xente de Forcarei. Miren, o saben vostedes perfectamente Sr. Cubela, quen non coñece como funciona esta casa son vostedes, porque mire, o proxecto entregouse nesta casa antes da comisión de expertos, unha vez aprobado polo pleno do Concello de Forcarei o día 7, o día 7 chegou aquí ¿Que ocorre? Que había un fallo de verificación na lectura dunha firma e os técnicos, porque



soamente hai técnicos aquí non hai ningún político, cousa que non acontece nas súas comisións, pois solicitaron que aínda que non afectaba para nada ao proxecto, ao que se tiña aprobado no pleno do concello pois que se remitira a firma que faltaba. Se entregou o proxecto o día 7, reuniuse o día 12 e como esa firma que non afecta para nada ao procedemento administrativo pois os técnicos consideraron que era mellor solicitar que se poidera verificar, eso é todo o problemón que ten o proxecto de Forcarei, o gran problema. Así que eu, ¡de verdá!, lles pediría que tuveran un comportamento idéntico en todos os proxectos porque aquí houbo modificados de todos os concellos, dos do PP moitos e sempre intentamos solventalos a veces con dificultades, ¿eh?, para que non se perderan recursos, houbo moitos concellos do Partido Popular que poderían ter perdidos recursos do Plan Concellos e de outros plans extraordinarios pero como nós non queremos facerlle daño aos concellos buscamos todas as fórmulas para poder solventalos incluso houbo un problema cun proxecto do Concello de Sanxenxo que chamou o alcalde preocupado porque podían perder a financiación e dentro da legalidade o arreglamos, sin contar nada, exactamente o mesmo con proxectos do Concello da Estrada, do Concello de Lalín, etc., etc., sempre intentamos que non perdan recursos os concellos. É terrible o seu comportamento, de verdade, a vostedes non lles importan os veciños de Forcarei, lles importa o ruído, sempre, moito ruído. Así que vou a someter a votación este proxecto que conta con todas as garantías técnicas, con todas as garantías técnicas, e me dá moita pena, Sr. Cubela, que sexa vostede cando nos poidemos falar do que aconteceu co seu proxecto Reacon e nin palabra dixemos, ¿sabe por que? Porque nós entendemos as dificultades que poida ter calqueira administración, e somos respectuosas e respectuosos e non facemos política, política de confrontación total como intentan facer vostedes sempre. De verdá me dá moita pena, e é máis estou segura de que vostede non está cómodo con esta intervención, estou segurísima, segurísima que non o está, o que pasa que é probable que alguén do Deza lle dixera intervén ti que parece que é máis serio, porque como eu xa o intentei en 3 ocasións e quedei coma o rei desnudo ante a sociedade de Forcarei, de todo o Deza e toda a provincia, bueno, pois que non se me note tanto, ¿non?, que en vez de defender os intereses da xente de Deza-Tabeirós pois veño aquí a intentar boicotear proxectos. De verdá que é triste. Quería eu intervir porque chega un momento en que como decimos aquí “eu estou fartiña da súa forma de facer política”. Someto a votación a aprobación do proxecto modificado da actuación “Reforma da Casa da Xuventude de Forcarei para usos múltiples” presentado polo Concello de



Forcarei ao abeiro do Programa Reacpon. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra?  
Queda aprobado por 14 votos a favor e once en contra.

Neste momento quería sinalar que quero facerlle un recoñecemento ao deputado, ó meu querido Manolo, que hoxe está aquí porque temos a dous deputados, un deputado e unha deputada, que tiñan outras obrigas que tiñan previsto estar no pleno da Deputación para votar no día que estaba previsto pero o Sr. Cubela díxonos que tiña dificultades o seu grupo para estar na data prevista, e eu, polo tanto, pois como debe de ser, ¿non?, o puxemos para hoxe e polo tanto non poderían estar, e hoxe pois o meu querido deputado de Caldas, faleceu o seu avó, i está aquí i eso, pois eu o quero poñer en valor e tamén enviarlle o meu cariño particular e tamén estou segura que a de todas e todos vostedes, así que, querido Manuel moitas grazas polo esforzo. Todo e meu cariño e respecto.

## ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Forcarei con destino á execución da actuación denominada “Reforma Casa da Xuventude de Forcarei para usos múltiples”, segundo o proxecto redactado no mes de maio de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 487.048,45€ (469.503,45€ de orzamento de execución e 17.545,00€ de honorarios de Dirección de Obra e Coordinación de Seguridade e Saúde) e a subvención concedida a 413.991,18€ (85%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 73.057,27€ (15%).
- Segundo o previsto na Base reguladora 7<sup>a</sup>.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022001511 de 25/02/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 07/03/2022. Na súa cláusula 6<sup>a</sup> recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación



supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

- Por acordo núm. 12.31256 da Xunta de Goberno do 11/02/2022 concedéuse unha subvención ao dito Concello de 73.057,27€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon.
- En data 21/04/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 420.205,59€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 49.297,86€ (10,50%).
- Na data 09/12/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022062474) a solicitude de autorización para financiar o modificado núm. 1 do proxecto con cargo ás baixas obtidas no procedemento de contratación, o proxecto modificado (emendado na data 13/12/2022 (núm. rexistro WEB2022062827), e a certificación do acordo de aprobación do dito proxecto. O orzamento do novo proxecto ascende a 524.546,95€, o que supón un incremento de 55.043,50€ (11,72% sobre o orzamento inicial).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 12/12/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que, da análise dos cambios no proxecto, pódese concluír que non afectan aos aspectos técnicos, aos obxectivos da Axenda 2030 nin as políticas panca; non afectan á porcentaxe de aforro enerxético inicial; non afectan as autorizacións sectoriais obtidas para o proxecto orixinal, manténdose o grado de madurez; e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- Na data 13/12/2022 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que “os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo ós criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria”.
- Na data 14/12/2022, a Intervención provincial emite informe favorable á aprobación do proxecto modificado.



- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

### Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será





posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación do Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao Concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.

#### Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.

#### Conclusiones

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Forcarei para a execución da actuación denominada “Reforma Casa da Xuventude de Forcarei para usos múltiples”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.



Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado na aparición, unha vez iniciadas as obras, dunha serie de patoloxías asociadas á estrutura de formigón do edificio que comprometen o desenvolvemento correcto das obras proxectadas.

Visto que o proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 55.043,50€, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 49.297,86€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 49.263,93€, que pode financiarse coa dita baixa.

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 12/12/2022, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 12/12/2022 (CSV: 0PZXP7XLH6OJ31TC), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 12/12/2022 (CSV: ZQBHR4SQE13BWDN1), o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención de 13/12/2022 (CSV: BBTQV3QC7LRQ41GF), o informe de Intervención de data 14/12/2022 (CSV: SHX4MZKAGPW4HPSP), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 16/12/2022 (CSV: S3BZ37025EDHGQYN), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP:

- A aprobación do proxecto modificado da actuación “Reforma Casa da Xuventude de Forcarei para usos múltiples”, presentado polo Concello de Forcarei ao abeiro do Programa ReacPon.



- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Forcarei, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.7908.- **APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO DA ACTUACIÓN “REFORMA E AMPLIACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL TORRENTE BALLESTER DE BUEU” PRESENTADO POLO CONCELLO DE BUEU AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021040028)**

Sra. Presidenta.- Pasamos o punto 8 da orde do día. Aprobación do proxecto reformulado da actuación “Reforma e ampliación da Biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu” presentado polo concello ao abeiro do Programa Reacpon. Non hai palabras previstas polo tanto o someto a votación. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobado por 14 votos a favor e 11 abstencións.

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Bueu con destino á execución da actuación denominada “Reforma e ampliación da Biblioteca Municipal Torrente Ballester de Bueu”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 916.559,80€ e a subvención concedida a 687.419,85€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 229.139,95€ (25%).
- Segundo o previsto na Base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022001086 de 14/02/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 17/02/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e



xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

- Por acordo núm. 8.31497 da Xunta de Goberno do 25/03/2022 concedéuse unha subvención ao dito Concello por importe de 229.139,95€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon (Expte.2022008873).
- En data 29/07/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 915.565,65€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 994,15€ (0,11%), formalizándose o contrato administrativo o 19/08/2022.
- Na data 30/11/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022060881) o certificado do acordo adoptado polo Pleno Municipal de data 24/11/2022 de aprobación da resolución por mutuo acordo do contrato da obra adxudicado o día 29/07/2022 polo Pleno a Obras Gallaecia, SL. O acordo foi tomado con base na solicitude de resolución do contrato presentada pola empresa adxudicataria (que foi a única que se presentou á licitación). A empresa motivou a solicitude de resolución do contrato no incremento substancial dos prezos respecto dos estipulados no proxecto.
- Na data 12/12/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022062636) o proxecto reformulado, unha certificación do acordo de aprobación do dito proxecto, e o compromiso de financiamento do incremento do orzamento. O orzamento do novo proxecto ascende a 1.108.321,90€, o que supón un incremento de 191.762,10€ (20,92% sobre o orzamento inicial).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 12/12/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios no proxecto non afectan aos aspectos técnicos, aos obxectivos da Axenda 2030 nin ás políticas panca; non afectan á porcentaxe de aforro enerxético inicial; non afectan as autorizacións sectoriais obtidas para o proxecto orixinal,



manténdose o grado de madurez; e polo tanto, mantense á puntuación obtida na baremación de acordo a os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria .

- Na data 13/12/2022 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que “os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo ós criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria”.
- Na data 13/12/2022, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento



Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución



de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17<sup>a</sup> das Bases reguladoras do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Disposición, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do Concello.

#### Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16<sup>a</sup> de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, e 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2<sup>a</sup> da LCSP.

#### Conclusiones

Visto que o proxecto reformulado presentado polo Concello (aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 09/12/2022), redactado no mes de



novembro de 2022, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

Visto que o Concello asume o compromiso de cofinanciamento do aumento do orzamento do investimento (191.762,10€), manténdose invariable o importe da subvención concedida inicialmente, conforme ao seguinte detalle:

Orzamento proxecto inicial		Orzamento proxecto reformulado	
Orzamento:	916.559,80€	Orzamento:	1.108.321,90€
Subvención:	687.419,85€	Subvención:	687.419,85€
Cofinanciado (POS 2022-23):	229.139,95€	Cofinanciado:	420.902,05€: 229.139,95€ (POS 2022-23) 191.762,10€ (fondos propios)
% Subvención/orzamento:	75,00%	% Subvención/orzamento:	62,02%

Visto que a Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado.

Visto que o proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 12/12/2022 (CSV: 0PZXP7XLH6OJ31TC), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 12/12/2022 (CSV: NELPIHSZR445MV69), o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención de 13/12/2022 (CSV: 9WWVXXC7RSN7WTUH), o informe de Intervención de 13/12/2022 (CSV: R0D7A29D2QWURMDC), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e





Cohesión Social de 16/12/2022 (CSV: P3428WFQ3154L7WX), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP:

- A aprobación do proxecto reformulado da actuación “Reforma e ampliación da Biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu”, presentado polo Concello de Bueu ao abeiro do Programa ReacPon.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Bueu, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.7909.- **APROBACIÓN DO CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO DE DOUS TREITOS ANTIGOS, NA EP-4006 PONTEAREAS-AS NEVES E NA EP-4102 LEIRADO-LIRA (EXPTE. 2021006072)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ó punto 9 da orde do día. Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Salvaterra de Miño de dous treitos antigos, da estrada provincial Ponteareas-As Neves e da estrada provincial Leirado-Lira. Non hai solicitude de petición de palabra, someto a votación ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

#### Antecedentes

1. As estradas provinciais EP-4006 Ponteareas – As Neves, de 12.681 metros de lonxitude total e EP-4102 Leirado – Lira, de 1.675 metros de lonxitude total, forman parte da extensa rede de estradas de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, discorrendo polo termo municipal de Salvaterra de Miño.
2. Solicitude de transferencia dun treito antigo da estrada provincial EP-4006 Ponteareas – As Neves, de 928 metros de lonxitude, situado á altura do PQ 5+875 (marxe dereita) e dun treito antigo da estrada provincial EP-4102 Leirado – Lira, de 358 metros de lonxitude, que inicia á altura do PQ 0+800 (marxe dereita) presentada polo Concello de Salvaterra de Miño mediante a aprobación do Convenio de colaboración para a execución do proxecto



“Mellora da mobilidade peonil na EP-4006 no treito antigo do colexio de Leirado”, con data de sinatura 3 de maio de 2021.

- Informe dos servizos técnicos de data 20 de xullo de 2022, relativo á solicitude de transferencia e sobre o valor patrimonial dos treitos obxecto desta, facendo constar que os treitos que se solicitan non contan co carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

## Consideracións legais e técnicas

### 1ª Lexislación aplicable

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

### 2ª Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.

A transferencia ao Concello informouse favorablemente polos Servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 20 de xullo de 2022. No informe sinálase:

*“Estes dous treitos antigos, logo da mellora do trazado das estradas, xa non forman parte dos itinerarios principais das estradas, e, en consecuencia, non teñen as características propias das estradas provinciais, senón de elementos funcionais das mesmas, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.*

*O treito antigo da EP-4006 atravesa o lugar de Leirado, e ten o inicio no PQ 5+875 e o fin no PQ 6+565 (marxe dereita), por un entorno que conta con numerosas edificacións xunto co Colexio público CEIP Leirado, recentemente, este treito foi obxecto de obras de mellora nas que se executou unha senda peonil de ancho mínimo*



*de 2,50 metros entre o acceso ao CEIP e o cruce coa estrada autonómica PO-402, ademais, tamén foi executado un paso de peóns sobreelevado (PPS) no acceso ao CEIP, a mellora da rede de augas pluviais, a distribución da área de aparcamento dos autobuses e a redución da velocidade de circulación de automóbiles a 30 km/h, polo tanto, logo de estas melloras de urbanización coa finalidade de dar prioridade ás persoas fronte aos vehículos privados, na actualidade, este treito ten a funcionalidade principal de dar acceso ás vivendas, edificacións, equipamentos e predios lindeiros.*

*O outro treito antigo, na EP-4102 Leirado – Lira, no lugar de Cabadas, que ten o seu inicio no PQ 0+800 e o seu fin no PQ 1+050, de 358 metros de lonxitude, é un camiño sen conexión viaria logo das obras de mellora do trazado estando na actualidade fóra de uso, este treito situase no medio dunha zona arbolada de carácter forestal, tendo como única funcionalidade e uso a de camiño de acceso a estes predios naturais.*

*Polo tanto, estes dous treitos antigos xa non contan co carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade é totalmente asimilable ao viario de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano”.*

Tramítase a proposta de aprobación da transferencia dos treitos sinalados polos servizos técnicos provinciais e, posterior entrega ao Concello de Salvaterra do Miño, por considerarse conforme co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Segundo o informe de valoración patrimonial emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas en data 20 de xullo de 2022, o valor patrimonial dos treitos obxecto do cambio de titularidade é de dous millóns cento sesenta e tres mil catrocentos trinta e un euros (2.163.431,00 €).

3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa



administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2. ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Salvaterra do Miño dun treito antigo da estrada provincial EP-4006 Ponteareas – As Neves, de 928 metros de lonxitude, situado á altura do PQ 5+875 (marxe dereita) e dun treito antigo da estrada provincial EP-4102 Leirado – Lira, de 358 metros de lonxitude, que inicia á altura do PQ 0+800 (marxe dereita).

Os devanditos treitos das estradas incorporaranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Salvaterra do Miño tal e como se sinala no artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.



Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello.

10.7910.- **APROBACIÓN DO CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE ARBO DE DOUS TREITOS FINAIS, NA EP-5202 E NA EP-5203, E DE DOUS TREITOS ANTIGOS NA EP-5003 (EXPTE. 2020023048)**

Sra. Presidenta.- No punto 10. Tamén hai unha aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Arbo de dous treitos finais na estrada provincial 5202 e 5203 e de dous treitos antigos da estrada provincial 5003. Non hai tampouco intervencións, someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

#### Antecedentes

1. As estradas provinciais EP-5202 Arbo – Embarcadoiro, EP-5203 PO-400 – Estación e EP-5003 Cañiza–Arbo forman parte da extensa rede de estradas de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, discorrendo polo termo municipal de Arbo.
2. Solicitud de transferencia dun treito final de 135 metros de lonxitude da estrada provincial EP-5202 Arbo–Embarcadoiro, comprendido entre os pp.qq. 1+030 e 1+165; dun treito final de 399 metros de lonxitude da estrada provincial EP-5203 PO-400–Estación, comprendido entre os pp.qq. 1+130 e 1+529; de dous treitos antigos, de 83 metros de lonxitude, situado á altura do punto quilométrico 8+500 (marxe esquerda) e de 116 metros de lonxitude, situado despois do PQ 12+355 tras o cruce coa PO-400 da estrada provincial EP-5003 Cañiza–Arbo presentada polo Concello de Arbo mediante a aprobación do Convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-5202 do PQ 1+100 ao 1+165 e na EP-5203 do PQ 1+150 ao 1+529”, con data de sinatura 14 de xaneiro de 2021.



3. Informe dos servizos técnicos de data 27 de xullo de 2022, relativo á solicitude de transferencia e sobre o valor patrimonial dos treitos obxecto desta, facendo constar que os treitos que se solicitan son estremeiros e non contan co carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

### Consideracións legais e técnicas

#### 1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

#### 2ª Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.

A transferencia ao Concello informouse favorablemente polos Servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 21 de xullo de 2022. No informe sinalase:

*“O treito final da EP-5202 Arbo – Embarcadoiro, do 1+030 e 1+165, trátase dun treito extremo, sen saída, cun remate en glorieta en fondo de saco, conta cunha sección de 4 a 5 metros de ancho, e ten como funcionalidade dar acceso á edificación da asociación de veciños da zona, a unha zona verde de equipamento público e a un aparcadoiro público de vehículos.*

*O treito final da estrada provincial EP-5203 PO-400 – Estación, denominado polo rueiro municipal como Rúa da Estación, con inicio na glorieta de conexión coa estrada autonómica PO405, discorre por solo clasificado polo planeamento urbanístico de Arbo como solo urbano, ademais, este treito está situado nun entorno de carácter e funcionalidade urbana que conta con edificacións consolidadas, recentemente, este treito foi obxecto de obras de reforma nas que se executou unha plataforma única de prioridade peonil, instalación de alcorques e arboredo e a renovación e dotación de servizos urbanísticos de abastecemento de auga potable, saneamento de augas residuais e pluviais, telecomunicacións e alumado público, polo tanto, trátase dun treito de*



*viario que na actualidade conta cunhas características funcionais, de servizo e de utilidade equivalentes ás propias dos viarios ou rúas municipais.*

*Por outra parte, os dous anteditos treitos antigos da EP-5003 Cañiza – Arbo, de 83 e 116 metros de lonxitude, son treitos que están fóra do itinerario principal da estrada, e son fruto da mellora do trazado da estrada, e, en consecuencia, non teñen as características propias dunha estrada provincial, senón de elemento funcional para o acceso aos predios e vivendas lindadeiras, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.*

*En virtude do anteriormente exposto, os catro treitos de estradas provinciais xa non contan co carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables aos viarios ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano”.*

Tramítase a proposta de aprobación da transferencia dos treitos sinalados polos servizos técnicos provinciais e, posterior entrega ao Concello de Arbo, por considerarse conforme co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Segundo o informe de valoración patrimonial emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas en data 27 de xullo de 2022, o valor patrimonial dos treitos obxecto do cambio de titularidade é de setecentos corenta e sete mil setecentos setenta e oito euros (747.778,00 €).

3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.



De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2. ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Arbo dun treito final de 135 metros de lonxitude da estrada provincial EP-5202 Arbo–Embarcadoiro, comprendido entre os pp.qq. 1+030 e 1+165; dun treito final de 399 metros de lonxitude da estrada provincial EP-5203 PO-400–Estación, comprendido entre os pp.qq. 1+130 e 1+529; de dous treitos antigos, de 83 metros de lonxitude, situado á altura do punto quilométrico 8+500 (marxe esquerda) e de 116 metros de lonxitude, situado despois do PQ 12+355 tras o cruce coa PO-400 da estrada provincial EP-5003 Cañiza–Arbo.

Os devanditos treitos das estradas incorporaranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Arbo tal e como se sinala no artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.





Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello.

11.7911.- **APROBACIÓN DO CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE GONDOMAR DOS TREITOS INICIAIS DA EP-2301 GONDOMAR-PEITIEIROS E DA EP-2302 GONDOMAR-CHAÍN-MORGADÁNS (EXPTE. 2020047931)**

Sra. Presidenta.- No punto 11, exactamente o mesmo. Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Gondomar dos treitos iniciais da estrada Gondomar-Peiteiros e de Gondomar-Chaín-Morgadáns. Tampouco hai intervencións, someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

#### Antecedentes

1. As estradas provinciais EP-2301 Gondomar–Peiteiros, de 3.323 metros de lonxitude total, e EP-2302 Gondomar–Chaín–Morgadáns, de 3.225 metros de lonxitude total, forman parte da extensa rede de estradas de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, discorrendo integramente polo termo municipal de Gondomar.
2. Solicitud de transferencia dun treito de 110 metros, correspondente entre os pp.qq. 0+000 ao 0+110 da EP-2301 Gondomar–Peiteiros e dun treito de 260 metros, correspondente entre os pp.qq. 0+000 ao 0+260 da EP-2302 Gondomar–Chaín–Morgadáns , presentada polo Concello de Gondomar mediante a aprobación do Convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Humanización da interconexión das Rúas San Bieito e Emigrante coas estradas de Peiteiros e Chaín-Morgadáns*”, con data de sinatura 11 de xaneiro de 2019.
3. Informe dos servizos técnicos de data 21 de xullo de 2022, relativo á solicitud de transferencia e sobre o valor patrimonial dos treitos obxecto desta, facendo



constar que os treitos que se solicitan son estremeiros e como consecuencia da execución das actuacións obxecto do convenio estes treitos xa non contan co carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

## Consideracións legais e técnicas

### 1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

### 2ª Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.

A transferencia ao Concello informouse favorablemente polos Servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 21 de xullo de 2022. No informe sinálase:

*“Estes treitos iniciais, discorren e son lindeiros cun ámbito de carácter e funcionalidade urbana e recentemente foron executadas as obras previstas no proxecto “Humanización da interconexión das rúas san bieito e emigrante coas estradas de peiteiros e Chaín-Morgadáns (Concello de Gondomar)” coa execución de novas beirarrúas de ancho mínimo de 2,50 metros en continuidade coas existentes, reformulouse o radio de xiro da glorieta de confluencia das Rúas San Bieito e Emigrante coas estradas EP-2301 e EP-2302, ademais, executáronse novos pasos de peóns sobreelevados así como novas zonas habilitadas para a carga e descarga xunto coa execución dun muro de contención e a instalación de novas farolas para o alumado público.*

*Polo tanto, estes treitos xa non contan co carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.”*



Tramítase a proposta de aprobación da transferencia dos treitos sinalados polos servizos técnicos provinciais e, posterior entrega ao Concello de Gondomar, por considerarse conforme co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Segundo o informe de valoración patrimonial emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas en data 21 de xullo de 2022, o valor patrimonial dos treitos obxecto do cambio de titularidade é de setecentos corenta e oito mil douscentos vinte e dous euros (748.222,00 €).

3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2. ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Gondomar dun treito de 110 metros, correspondente entre os pp.qq. 0+000 ao 0+110 da EP-2301 Gondomar–Peitieiros e dun treito de 260 metros, correspondente entre os pp.qq. 0+000 ao 0+260 da EP-2302 Gondomar–Cháin–Morgadáns.

Os devanditos treitos das estradas incorporaranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Gondomar tal e como se sinala no artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello.

*Retírase da sesión o Sr. Deputado Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), sendo as doce horas e corenta e nove minutos.*

12.7912.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA APROBAR UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA VESTIARIO E INSTRUMENTOS DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS DA PROVINCIA (EXPTE. 2022073756)**



Sra. Presidenta.- E xa no punto 12 da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para aprobar unha liña de axudas para vestiario e instrumentos das asociacións culturais da provincia de Pontevedra. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Sumámonos as condolencias ó noso compañeiro Manolo, un abrazo moi forte. Ben, dende o Grupo Provincial do Partido Popular queremos sinalar que a provincia de Pontevedra é coñecida e recoñecida por contar cun tecido asociativo e cultural moi extenso, que xoga un papel fundamental non so na promoción da nosa cultura senón como dinamizadores para recuperar a nosa tradición. A maior parte delas son entidades privadas sen ánimo de lucro, dende corais a grupos de baile ou música galegas. A Deputación de Pontevedra mantén as axudas que esta institución leva anos repartindo entre as escolas de música municipais e outras convocatorias, pero a día de hoxe non conta con ningún tipo de axudas para outras agrupacións musicais que tamén fan unha importante labor na nosa provincia para o dinamismo e desenvolvemento rural da provincia: Revitalizar a cultura, fomentar o desenvolvemento social, a preocupación e a defensa do patrimonio como foro de encontro e participación son moitas as vantaxes que ofrece. Destas axudas que propomos beneficiaríanse as asociacións culturais establecidas nos concellos da nosa provincia, como a agrupación “Cuerda e Voces” de Baiona, “San Pedro de Bordóns”, a asociación “Vista Real”, “Grupo Foula”, “Os Abrentes”, “Os afoutes de Cañón de Pau” ou “Os Trazantes”. Para adquisición e renovación de vestimenta e instrumentos, dúas liñas moi necesarias, son materiais imprescindibles para poder levar a cabo esta actividade, e que teñen un prezo elevado que en moitas ocasións poden supoñer unha barreira para acceder a este tipo de actividades. Moitos colectivos non teñen fondos suficientes para poder sufragar estes gastos polo que recaen directamente nos integrantes de cada agrupación. Por iso esta situación non pode ser unha barreira nin para acceder a cultura nin para difundila, e por iso que a Deputación de Pontevedra pode xogar un papel importante para garantir a supervivencia de todo este tecido asociativo tan rico que temos na nosa provincia. Por iso, solicitamos a este pleno, ao goberno provincial, aprobar unha liña de axudas provinciais destinadas ás asociacións culturais da provincia con agrupacións musicais ou de baile para que poidan adquirir ou renovar a súa vestimenta ou instrumentos, a petición é clara e trasladámola ó pleno. Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Cubela. Ten a palabra o Sr. Mosquera.



Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, moi brevemente. Moi ben explicado e demais pero é que acabamos de aprobar uns orzamentos, e ustedes non propuxeron nada disto, ¡claro!, igual tiñan que decir de onde o sacaban, siguen coa súa técnica de supoñer que a Deputación ten unha fábrica de facer diñeiro e entonces o supón. Supoño que habería a mesma urxencia non sei como vamos a sacar ningunha liña deste tipo ou de outra si non o temos no orzamento, pero bueno, é unha cuestión rara, rara pero é así. En segundo lugar, si fora por ustedes os concellos e a Xunta desaparecerían, ou sea, calquer cousa, hai calquera necesidá que detectan ou non detectan ou hai ou suponse ou é perentoria na provincia, á Deputación, á Deputación, non sei tamén os concellos poden, non sei a Deputación creo que está facendo un esforzo que xa o repetimos cincuenta veces, que é a Deputación que máis lle manda aos concellos, etc., vale, nada, á Deputación, podíase, os concellos que detecten eso, pois que detecten esas necesidades, sacar unha liña de axudas, tampouco creo que se vaía arruinar por eso, ¿non?, si o detectan, ¿non?, ou pedirllas á Xunta, non, á Deputación cando é a administración que máis esforzo está facendo para transferirlles fondos ós concellos; e vamos e non digamos en cultura que se está facendo un esforzo monumental. Comprenderá que a tempo no seu momento pois era posibel que se pudiera, había que valoralo como outras cousas, pero a destempo e con esta política metida nunha política de ¡lala!, vamos a pedir á Deputación que fabrica os cartos, ten alí unha maquinaña, eu sempre lle pregunto á Presidenta donde ten agachada a máquina e nunca mo di, ten unha máquina aí de facer cartos pero non mo di nunca, de verdá, cóntame, hai confianza, cóntame case todo menos donde ten a máquina de facer cartos. ¡Que lle vamos a facer!, e como non a temos ou está moi agachada, moi agachada e é igual que non tela, pois vámoslle a votar en contra.

*(Non se escoita tempos 00:57:52.23 a 00: 57:58:00).*

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. La verdad es que cuando vemos este tipo de mociones tenemos la duda de si contestarles o no contestarles porque, pero en esta ocasión queremos contestar, porque la verdad es que el Partido Popular, y lo ha demostrado hoy, en la desesperación por tratar de minar la imagen del gobierno de esta Diputación, que es un modelo de transparencia y municipalismo. Reiteradamente se presenta a este pleno para intentar reabrir un debate que está ciertamente superado, el debate de nuestro modelo, que es reglado y transparente, de financiación y pleno tras pleno aparecen con una ocurrencia la línea que decía el Vicepresidente y con la máxima parece ser de criticar el Plan Concellos, que por otro lado es un plan que alaban los 59 alcaldes



y alcaldesas de esta provincia. Estoy convencido de que al Partido Popular le sigue doliendo que haya un gobierno distinto al que ellos tuvieron durante 40 años, aquel rosario de pequeñas subvenciones para repartir, antojo del Partido Popular, claramente, para sustentar una red clientelar no tiene nada que ver con este gobierno diputadas y diputados del Partido Popular. A ver si nos enteramos de una vez de que el cajón de Louzán desapareció hace 7 años y medio, y este debate permanente de pedir micro subvenciones que sólo tienen un objetivo caciquil no se corresponde desde luego con la actualidad. Parece mentira pero hay que recordar que en el 2016 nace el Plan Concellos, un plan único que estructuramos en 3 grandes líneas para resolver las necesidades de los concellos, pero un plan que apuesta, y lo hemos dicho reiteradas veces pero parece que hay que recordarlo, un plan para que los concellos atiendan sus necesidades, los objetivos que ellos conocen, y por lo tanto son los concellos los que deben de decidir en fomento de empleo, en cultura, en dinamización social y en deporte. Y también parece mentira que haya que recordar que la línea 2 del Plan Concellos de 2023 está dotada con 3 millones de euros que permite la financiación adecuada para cubrir fines como los que ustedes proponen en esta moción, porque entendemos que esta es la forma de actuar en la medida en la que son los concellos quienes mejor que nadie conocen cuáles son sus prioridades y sus necesidades. Por lo tanto, con esta línea 2 hay concellos que hacen un uso adecuado, pero más bien sería orientado, a financiar muchas actividades culturales entre ellas las musicales, en nuestra opinión personal algunas muy meritorias y que demuestran la genuina preocupación por el bienestar de sus vecinos y vecinas, y hay otros concellos que utilizan la línea 2 para pagar las facturas de Sogama o de gasto eléctrico, tan lícito como lo anterior. Pero la Diputación, esta Diputación es una socia institucional leal que ofrece posibilidades de acción municipal. Sinceramente, o Partido Popular Provincial tiene que hacerse mayor algún día, no puede seguir viniendo a este pleno a enfadarse, a ir en contra de determinados concellos y fingir que el Plan Concellos no le gusta como cuando decía anteriormente 59 alcaldes y alcaldesas de la provincia lo aplauden, por lo tanto es un plan pensado para que cada concello decida hasta dónde quiere llegar y lo que necesita. Pero es que a mayores, en relación con lo que plantean en esta moción, este gobierno tiene en marcha forma regladas por concurrencia competitiva de líneas de ayudas directas a los colectivos culturales para la celebración de sus actividades, y se han repartido más de 250 mil euros entre 211 colectivos, hacía mención el Sr. Cubela a una serie de colectivos pero es que a mayores, y bueno es que lo haya reconocido en su intervención, se sigue subvencionando a las escuelas de música. Y mientras que



nosotros hacemos esto la Xunta de Galicia ¿Qué hace? Bono xove cultura, con 50 euros escasos, y con una propina este año introduciendo los instrumentos musicales. Gracias.

Sr. Cubela López.- Non ía intervir pero visto que tomaron tan en serio o debate político en torno ao debate sobre a cultura, o apoio ás agrupacións culturais e folclóricas dos concellos, falamos en concreto dos concellos medianos e pequenos porque aquí si eres das cidades tes vía libre en carreteras sin marcar i todo o que queiran pero hai un colectivo, hai unha parte importante do interior da provincia, dos concellos con menos recursos, con asociacións que manteñen practicamente co traballo das directivas i dos seus compoñentes, de fondo moi importante. Acaban de, sin necesidade de gastar tempo, de tratar de xustificar politicamente o seu non, a verdade é que un non difícil de xustificar porque defendino nun tono cordial, tratando de ofrecer consenso a esta proposta i vostedes deciden porque gobernan que líneas sacan e cales retiran. Estas líneas co goberno do Partido Popular na Deputación existían, foron vostedes quen as eliminaron, dúas líneas de axudas por concorrencia competitiva, ¡eh!, que non se dan aos amigos, vestiario, vestiario e instrumentos, agora só deixaron unha actividade por asociación. Si antes unha asociación de Cerdedo-Cotobade podía recibir entre esas 3 líneas tres mil, catro mil euros, agora solo reciben 900 euros para unha actividade. Miren, home, transparencia, si claro, vostedes defenden a transparencia coa que tiveron que acudir ó contencioso-administrativo Concellos de Sanxenxo, Rodeiro, Porriño ou as sentencias dos becarios ou a non convocatoria de aquel famoso pleno que ó final houbo que celebrar sobre o caso da cuñada. Miren, nós traemos unha moción propositiva, construtiva, montan aquí un dislate, que por que non o fixemos no pleno do orzamento, saben perfectamente que hai modificacións de créditos, que aproban varias ao longo do ano para poder facelo. Vostedes quedan hoxe retratados unha vez máis porque non queren apoiar ós colectivos da provincia, porque non queren apoiar ós culturais da provincia, ¿por que non queren?, porque non lles dá a gana. Así que eu non teño nada máis que dicir, é unha pena que non se aprobe esta moción, que non poidan facer un esforzo por tratar de dedicar outras partidas que mal gastan en propaganda, en actos i en publicidade para máis vanagloria do seu goberno e non apoiem a quen realmente o necesita que son colectivos como os que traemos a este pleno. Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- ... Sr. Font.





Sr. López Font.- Mire Sr. Cubela, estoy aburrido de tanta cordialidad. Estoy aburrido de mociones en las que con la cobertura de determinadas micro ayudas, como le decía anteriormente, dice que abrimos debate político, el debate político lo abre usted la manipulación viene de lo que ustedes presentan. Y, efectivamente, hablaba de lo que hacía el gobierno anterior, del Partido Popular, el gobierno del Partido Popular en esta Diputación era el mejor ejemplo del caciquismo, y las ayudas que usted menciona era el mejor ejemplo de una red clientelar con la que se compraban voluntades políticas, hay que decirlo así, y hoy el Plan Concellos es todo lo contrario, y hoy este gobierno es el ejemplo de administración transparente, y es el ejemplo de que su concello, del que usted es alcalde, tiene el mismo tratamiento que el resto de los concellos. Por lo tanto, claro que sí, claro que hay transparencia y claro que aquí esa caja de libre disposición que tenía Louzán se acabó. Y usted menciona una serie de colectivos a los que ustedes están manipulando, y da lo mismo que hablemos de cultura, da lo mismo que hablemos de deporte, que hablemos de lo que hablemos, esto es así, hay 3 líneas que permiten a todos los concellos una atención para las necesidades que tienen, y son ustedes, cada concello, los que deciden en función de esto. Mire, Sr. Cubela, nunca un gobierno de esta Diputación de Pontevedra ha dedicado tantos cuartos, ha dedicado tanto esfuerzo económico al tema de la cultura, pero es que además reconocido, da lo mismo que hablemos de teatro, de música, de cine, de exposiciones, de danza, nunca ha habido una actuación tan importante en el ámbito económico y es que le decía hay actuaciones regladas que van destinadas a 211 colectivos, en las escuelas de música, que tengo el dato por aquí, destinamos 90 mil euros y son 25 entidades las que se benefician. Pero es que a mayores la Diputación dedica 4 millones de euros a promover cultura y lo hacemos en Pontegal, en Musigal, en subvenciones a escuelas de música, a festivales de artes escénicas, para actividades culturales y a través inclusive del Servicio de Turismo. Cómo se puede intentar hacer esta demagogia de tirar una piedra, de que parece de que no apoyamos al movimiento cultural para al final decirnos reabre el debate político, no el debate político lo hace usted y lo hace usted manipulando a las asociaciones, y queremos decirles a esas asociaciones de todos los concellos que dice usted y de los que no ha dicho que hay cuartos en cada uno de los concellos para que puedan destinar a actividades como las que ustedes proponen aquí.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Non hai solicitudes, si Sr. Cubela, ten a palabra.



Sr. Cubela López.- Non atacamos o Plan Concellos, non citei ao Plan Concellos, é o único instrumento que teñen para poder xustificarse, como unha aspirina bayer, a todo o Plan Concellos. Hai cousas que non se poden presentar a través do Plan Concellos, falo dende o punto de vista dun alcalde que dedica máis de 40 mil euros a apoiar ás asociacións do concello que presido, non me diga que tratan igual a todos os concellos en canto poideron eliminar a línea fixa ao Concello de Cerdedo-Cotobade sumando as cantidades que recibiamos antes da fusión eliminárono; a Deputación de Coruña sigue apoiando ó único concello fusionado, que se fusionou na súa provincia, Oza-Cesuras. Non se enfade, non eleve o tono, pero mire en que tono estou falando eu, o que levo mantendo todo o debate. Cando lles din algo que non lles gusta sufren de amnesia, si, claro que sufren de amnesia, fálolle de asociacións, con coñecemento de causa, porque nos reunimos con bastantes, nas que nos transmitían a necesidade de solicitar esto. ¿Sabe por que? Porque cando solicitan reunións a Presidencia nesta casa non se lles recibe e polo tanto non teñen a quen trasladar estas cuestións, por iso as traemos hoxe a pleno, porque os colectivos a única defensa que teñen agora mesmo no pleno da Deputación é coa oposición, co Partido Popular Provincial ao que tanto citaron. Menuda causa ten Luis López o novo Presidente provincial, antes era Feijoo i Rueda e agora xa buscan máis actores aos que disparar. Pois ben, nós reunímonos cos colectivos, reunímonos cos veciños, atendemos as súas problemáticas i trasladamos ao pleno da Deputación con esta moción que era cordial, construtiva i propositiva para que poideran tratar de ver a posibilidade de sacar líneas de concurrencia competitiva para o que pedimos, axudas de vestuario e axudas de compra de instrumento. Máis nada.

Sra. Presidenta.- Eu tamén con moito cariño e moi tranquiliña e mirándolle aos ollos, mire, non hai ningunha administración en toda Galicia que teña unha aposta tan importante pola cultura, e mire, non o digo eu, o di a xente do teatro, o di a xente da música, o di a xente do cinema, o di a xente da danza, o din os colectivos tradicionais; e mire, hai unha cousa que non debe vostede facer, ¿non?, i é facer afirmacións que non son certas. Este goberno recibe a todo aquel que lle pide unha reunión, a quen lle contestamos tamén, por exemplo, si unha asociación de veciños de Cerdedo-Cotobade nos pide unha reunión nós entendemos que lla debe de pedir a vostede porque é unha asociación de veciños de Cerdedo-Cotobade, si un grupo folclórico por poñer un concello gobernado polo PSdeG, de Nigrán, nos pide unha reunión nós lle contestamos dicindo que creemos que lle debe pedir a reunión ao Concello ¿Por que? porque é unha competencia exclusiva do concello. Vostede que o di habitualmente, é unha



cuestión pedagóxica que estou facendo, jeh!, vostede que sempre fala tanto de que a Constitución di “que a obriga das deputacións é financiar aos concellos de menos de 20 mil habitantes” pois eu hoxe lle contesto así, eso é o que facemos, cada día dar máis recursos aos concellos para que poidan garantir dereitos e poidan prestar servizos. As cousas que vostede pide aquí hai que dicirlle a todos os colectivos cos que se reuniron que as ten que financiar vostede e o resto de alcaldes e alcaldesas, Sr. Cubela, pero claro, eu espero que vostede non negue que somos a administración que máis aposta por democratizar a cultura, por levar a cultura a todo o territorio, cousa que non acontecía cando vostedes gobernaban agora si, agora si, pero que o reconecen os colectivos, é máis nas roldas de prensa que fan o din, o din Sr. Cubela, e vostede sabe, somos a administración da cultura, o sabe todo o mundo, e vostede tamén. Así que eu simplemente con moito cariño, con moi bo tono, sobre todo agora que estamos en época de nadal e que temos que intentar querernos aínda máis o quero aclarar, jeh!, para que non quede ningunha dúbida. Someto a votación a moción do Grupo Provincial do Partido Popular para aprobar unha liña de axudas para vestiario e instrumentos das asociacións. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rexeitado por 13 votos en contra e 11 a favor.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cultura, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do Partido Popular (PP), rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para aprobar unha liña de axudas para vestiario e instrumentos das asociacións culturais da provincia.

*Auséntase da sesión o Sr. Vicepresidente, Don Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), sendo as trece horas e dez minutos.*

### 13.7913.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Sra. Presidenta.- No punto 13. Asuntos fóra do orden do día. Non hai. Pasamos á parte de información e control.

Non houbo.

#### **b) Parte de información e control:**



14.7914.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVEMBRO DE 2022 (EXPTES. 2022072633-2022072291)**

Sra. Presidenta.- No punto 14. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro do 22. Non habendo intervencións. Queda dado conta do informe.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de novembro de 2022, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 5 de decembro de 2022, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de novembro de 2022 que se expón a continuación:



**PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES NOVIEMBRE 2022**

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Novembro	9,2475986374	4.531.665,61	7,5683993942	1.234.888,35	8,8880037047
Escola de Enfermería	Novembro	6,9911532566	2.452,88	0,0000000000	0,00	6,9911532566
Consortio de Incendios e Salvamento	Novembro	17,1908457198	44.799,59	1,2092741276	62.852,92	7,8600048434
Consortio Deza Tabeirós	Novembro	10,5084814000	12.313,45	18,8412804000	15.881,91	15,2021885832
TOTAL			4.591.231,53		1.313.623,18	8,8986240019

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 16 de decembro de 2022 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

15.7915.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 16 DE NOVIEMBRE DE 2022 (NÚM. REXISTRO 2022008159) DECLARANDO A EMERXENCIA NA**



**TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO DE  
CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN OBRA DE  
PASO NA EP-0302 BERDUCIDO-A LAXE-EIROA, PQ  
3+204 (A LAMA)” (EXPTES. 2022072650-2022067579)**

Sra. Presidenta.- No punto 15. Dar conta das Resolucións Presidenciais de data 16 de novembro do 22 declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación obra de paso na estrada provincial 0302 Berducido-A Laxe-Eiroa”, na Lama. Non habendo intervencións. Queda dada conta.

Por Resolución Presidencial número 2022008159 de data 16 de novembro de 2022 acordouse adxudicar a empresa, Civis Global, S.L.U., (CIF B36684157), o contrato para execución da obra “Reparación obra de paso na EP-0302 Berducido-A Laxe-Eiroa, PQ 3+204 (A Lama)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 60.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

Nº Expediente	2022067579
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia para a "Reparación obra de paso na EP-0302 Berducido-A Laxe-Eiroa, PQ 3+204 (A Lama)"
Trámite	Adxudicación

A Presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

**RESOLUCIÓN**

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade co Deputado Delegado desa área, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra "Reparación obra de paso na EP-0302 Berducido-A Laxe-Eiroa, PQ 3+204 (A Lama)".

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...Con motivo das inspeccións nas obras de paso da rede provincial que se están a realizar mediante o contrato “Servizo de realización de inventario, inspección e avaliación de obras de paso da rede de estradas da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2019052919) compróbase que se orixinaron danos na estrada EP-0302 Berducido-A Laxe-Eiroa, a consecuencia do mal estado do “Pontón sobre Río Barbado” existente no punto quilométrico 3+204 no termo municipal de A Lama (...).Realizouse unha inspección visual ao detectar a presenza de sillares caídos na canle do río, podendo observar que na zona do estribo 2 na súa marxe dereita produciuse o desprendemento de parte do muro frontal e do muro lateral en prolongación, co consecuente baleirado da zona, deixando parte da laxa sen apoio no estribo. Coas intensas choivas que



tiveron lugar nas últimas semanas (setembro e outubro), acentuase a situación de risco grave para o colapso da estrutura e o derrube da calzada Debido ao arrastre do material quedou sen apoio a parte superior da lousa perigando a seguridade viaria do tramo afectado (...).En conclusión, todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores...”.

Resultando.- Que a estimación do custe da obra ascende a 60.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta. Proponse á empresa Civis Global, S.L.U. (CIF B36684157) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que igualmente estímase un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 60.000,00 € con número de operación, 202200222731 con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.621.01 do vixente orzamento provincial .

Resultando.- Que con data 15/11/2022 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que logo da inspección realizada á estrada EP-0302 Berducido-A Laxe-Eiroa, comprobouse que se orixinaron danos no “Pontón sobre Río Barbado” existente no punto quilométrico 3+204 no termo municipal de A Lama, a consecuencia do seu mal estado, provocando un grave risco e unha grave interferencia na circulación, facéndose necesario lavar a cabo unha actuación coa maior celeridade posible para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento mais adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico ó non ser posible garantir a seguridade do tráfico debido a que existe unha situación de risco e unha grave interferencia na circulación nese punto, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do orzamento provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”.



Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na existencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do RDL 781/86, de 18 de abril, e 61 do RD 2568/86, de 18 de novembro, e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación obra de paso na EP-0302 Berducido-A Laxe-Eiroa, PQ 3+204 (A Lama)”.
2. Autorizar o gasto por importe de 60.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa Civis Global, S.L.U. (CIF B36684157), o contrato de obras “Reparación obra de paso na EP-0302 Berducido-A Laxe-Eiroa, PQ 3+204 (A Lama)”, por importe de 60.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	49.586,78 €
IVE (21%).....	10.413,22 €
Importe total.....	60.000,00 €





Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.

Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizo facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda a súa tramitación.

Más información en <https://sede.depo.es/>

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2022067579.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital na sesión ordinaria do día 16 de decembro de 2022 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2022008159 de data 16 de novembro de 2022, tramitada no Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, pola que se adxudicou a empresa, Civis Global, S.L.U., (CIF B36684157), o contrato para execución da obra “Reparación obra de paso na EP-0302 Berducido-A Laxe-Eiroa, PQ 3+204 (A Lama)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 60.000,00 euros, IVE engadido.



O Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2022008159 de data 16 de novembro de 2022, tramitada no Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, pola que se adxudicou a empresa, Civis Global, S.L.U., (CIF B36684157), o contrato para execución da obra “Reparación obra de paso na EP-0302 Berducido-A Laxe-Eiroa, PQ 3+204 (A Lama)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 60.000,00 euros, IVE engadido.

16.7916.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 29 DE NOVIEMBRE DE 2022 (NÚM. REXISTRO 2022008602) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE NOIRO NA EP-0407 BORELA-PONTE CALDELAS, PQ 7+800 (CONCELLO DE PONTE CALDELAS)” (EXPTES. 2022072651-2022070540)**

Sra. Presidenta.- No punto 16. Dar conta da Resolución Presidencial de data 29 de novembro do 22 declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación do noiro na estrada provincial 0407 Borela-Ponte Caldelas”. Non hai intervencións. Queda dada conta.

Por Resolución Presidencial número 2022008602 de data 29 de novembro de 2022 acordouse adxudicar a empresa, Civis Global, S.L.U., (CIF B36684157), o contrato para execución da obra “Reparación de noiro na EP-0407 Borela-Ponte Caldelas, PQ 7+800 (Concello de Ponte Caldelas)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 60.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

Nº Expediente	2022070540
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia Obra de emerxencia para "Reparación de noiro na EP-0407 Borela-Ponte Caldelas, PQ 7+800 (Concello de Ponte Caldelas)"
Trámite	Adxudicación

A Presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

## RESOLUCIÓN



Resultando.- Que mediante informe proposto emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra “Reparación de noiro na EP-0407 Borela-Ponte Caldelas, PQ 7+800 (Concello de Ponte Caldelas)”.

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...Con motivo das recentes choivas acaecidas durante o mes de setembro e outubro comprobouse que se produciron danos na estrada EP-0407 Borela- Ponte Caldelas, a consecuencia do derrubamento do noiro existente na marxe dereita do PQ. 7+805 da estrada provincial (...). Requirida a presenza do vixiante responsable da zona advirte, xunto co capataz que acude á incidencia, do grave perigo existente polo desprendemento do noiro que sustenta a estrada provincial. Produciuse o baleirado do recheo, deixando parte da calzada sen apoio. Esa estrada ten unha sección de 6,30 metros de ancho de calzada e 1,00 metros e 0.40 metros de beiravía a cada lado. Coas intensas choivas que tiveron lugar nas últimas semanas, acentuouse a situación de risco grave para o colapso da estrutura e o derrube da calzada. Debido ó arrastre do material quedou sen apoio parte da calzada perigando a seguridade viaria do tramo afectado (...).En conclusión, todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores...”.

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 60.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, proponéndose á empresa Civis Global, S.L.U. (CIF B36684157) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202200239782 por importe de 60.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 08/09/2022 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que se comprobou que debido ás choivas recentes do mes de setembro, produciuse o derrubamento do noiro existente na marxe dereita da estrada provincial no PQ 7+805, deixando parte da calzada sen apoio perigando a seguridade viaria no tramo afectado e provocando un grave risco e interferencia na circulación.

Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar calquera risco de dano a maiores, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional,



unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do orzamento provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na exixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do RDL781/86, de 18 de abril, e 61 do RD 2568/86, de 18 de novembro, e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,



1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación de noiro na EP-0407 Borela-Ponte Caldelas, PQ 7+800 (Concello de Ponte Caldelas)”.
2. Autorizar o gasto por importe de 60.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa Civis Global, S.L.U. (CIF B36684157) o contrato “Reparación de noiro na EP-0407 Borela-Ponte Caldelas, PQ 7+800 (Concello de Ponte Caldelas)” por importe de 60.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	49.586,78 €
IVE (21%) .....	10.413,22 €
Importe total .....	60.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.

Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizo facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda a súa tramitación.

Más información en <https://sede.depo.es/>

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:



Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2022070540.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital na sesión ordinaria do día 16 de decembro de 2022 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2022008159 de data 16 de novembro de 2022, tramitada no Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, pola que se adxudicou a empresa, Civis Global, S.L.U., (CIF B36684157), o contrato para execución da obra “Reparación de noiro na EP- 0407 Borela-Ponte Caldelas, PQ 7+800 (Concello de Ponte Caldelas)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 60.000,00 euros, IVE engadido.

O Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2022008159 de data 16 de novembro de 2022, tramitada no Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, pola que se adxudicou a empresa, Civis Global, S.L.U., (CIF B36684157), o contrato para execución da obra “Reparación de noiro na EP-0407 Borela-Ponte Caldelas, PQ 7+800 (Concello de Ponte Caldelas)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 60.000,00 euros, IVE engadido.

17.7917.- **DAR CONTA DE RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 13 DE DECEMBRO DE 2022 (NÚM. REXISTRO 2022008849) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE NOIRO NA EP-2705 PAZOS DE BORBÉN, NO PQ 1+695 MD (EXPTES. 2022073601-2022071489)**

Sra. Presidenta.- No punto 17. Dar conta da Resolución Presidencial de data 13 de decembro do 22 declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación do noiro na estrada provincial 2705 Pazos de Borbén”. Non hai intervencións. Queda dada conta.

Por Resolución Presidencial número 2022008849 de data 13 de decembro de 2022 acordouse adxudicar a empresa, Construcciones Vale, S.L. (CIF B36024933), o contrato para execución da obra “Reparación de noiro na EP-2705 Pazos-Borbén, no PQ 1+695 M.D. (Concello de Pazos de Borbén)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte.



Nº Expediente	2022070540
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia Obra de emerxencia para "Reparación de noiro na EP-2705 Pazos-Borbén, no PQ. 1+695 M.D. (Concello de Pazos de Borbén)"
Trámite	Adxudicación

A Presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

### RESOLUCIÓN

Mediante informe proposta emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra “Reparación de noiro na EP-2705 Pazos-Borbén, no PQ 1+695 M.D. (Concello de Pazos de Borbén)”.

No citado informe recóllese o seguinte: “...Con motivo das recentes choivas acaecidas durante o mes de setembro e outubro compróbase que se produciron danos na estrada EP-2705 Pazos-Borbén, a consecuencia do derrubamento do noiro existente na marxe dereita do PQ. 1+695 da estrada provincial (...). Coas intensas choivas que tiveron lugar nas últimas semanas, acentúase a situación de risco grave para o colapso da estrutura e o derrube da calzada. Debido ó arrastre do material quedou sen apoio parte da calzada perigando a seguridade viaria do tramo afectado. (...).En conclusión, todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores...”.

No mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 40.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa Construcciones Vale, S.L. (CIF B36024933) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202200244102 por importe de 40.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.



Resultando.- Que con data 01/12/2022 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que se comprobou que debido ás choivas recentes do mes de setembro e outubro, produciuse o derrubamento do noiro existente na marxe dereita do PQ 1+695 da estrada provincial, deixando parte da calzada sen apoio perigando a seguridade viaria no tramo afectado e provocando un grave risco e interferencia na circulación. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar calquera risco de dano a maiores, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do orzamento provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na existencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos





catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do RDL 781/86, de 18 de abril, e 61 do RD. 2568/86, de 18 de novembro, e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación de noiro na EP-2705 Pazos-Borbén, no PQ 1+695 M.D. (Concello de Pazos de Borbén)”.
2. Autorizar o gasto por importe de 40.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa Construcciones Vale, S.L. (CIF B36024933) o contrato “Obra de emerxencia para "Reparación de noiro na EP-2705 Pazos-Borbén, no PQ 1+695 M.D. (Concello de Pazos de Borbén)", por importe de 40.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	33.057,85 €
IVE (21%) .....	6.942,15 €
Importe total .....	40.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.



Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizo facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda a súa tramitación.

Más información en <https://sede.depo.es/>

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2022071489.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital na sesión ordinaria do día 16 de decembro de 2022 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2022008849 de data 13 de decembro de 2022, tramitada no Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, pola que se adxudicou a empresa, Construcciones Vale, S.L. (CIF B36024933), o contrato para execución da obra “Reparación de noiro na EP-2705 Pazos-Borbén, no PQ 1+695 M.D. (Concello de Pazos de Borbén)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido.

O Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2022008849 de data 13 de decembro de 2022, tramitada no Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, pola que se adxudicou a empresa,



Construcciones Vale, S.L. (CIF B36024933), o contrato para execución da obra “Reparación de noiro na EP-2705 Pazos-Borbén, no PQ 1+695 M.D. (Concello de Pazos de Borbén)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido.

#### 18.7918.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Sra. Presidenta.- No 18. Dar conta das Resolucións Presidenciais. Non hai peticións. Queda dada conta.

Queda enterado o Pleno da relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 22 de novembro e 15 de decembro de 2022.

#### 19.7919.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Presidenta.- E no 19, Rogos e Preguntas.

Sr. Cubela López.- Formulo un rogo, espero que non lles parezca mal, que por favor sexa enviado neste 2022, o que queda de ano, a proposta de convenio para a reforma da estrada de Quireza, que está comprometida e se vai a enviar, para que o Concello, como lle transmitiu ó Deputado Delegado de Infraestruturas, abone o pago da expropiación este mesmo ano para non ter que facer as incorporacións no exercicio 2023, dos cartos do ano anterior, que sería retrasar moito máis o tema. Un rogo sen ningún tipo de acritude, con cariño e con respecto. Gracias.

Sra. Presidenta.- O cariño é o mellor que hai Sr. Cubela, non hai nada coma o cariño. Senón hai máis rogos e preguntas ... Si. Sra. Pardo, ten a palabra.

Sra. Pardo Pumar.- Es una pregunta para saber en qué estado sigue todo el tema del proyecto de las obras de los edificios centrales del Museo de Pontevedra. Gracias.

Sra. Presidenta.- Lle contestaremos por escrito Sra. Pardo. ¿Hai algunha máis? Bueno, antes de que se vaian ..., si, hai outra máis. Sra. Estévez, ten a palabra.



Sr. Domínguez Alfonso.- Non, pregunto eu, son eu, si. Nada, vale, está. É un, xa o fixen no anterior Pleno e o Sr. Mosquera que presidía o Pleno ese mo ...

Sra. Presidenta.- Ten vostede a palabra.

Sr. Domínguez Alfonso.- Vale, agora si, agora, bos días. Xa o fixen no anterior Pleno, o Sr. Mosquera presidía nese momento o Pleno, e, simplemente se encolleu de ombros, me contestaron simplemente o rogo que facía, e quería saber, despois de que na prensa saíu anunciado que ata 650 refuxiados ucranianos están nas Rías Baixas, ¿cantos estaban no Príncipe Felipe ou se realmente o Príncipe Felipe estaba a disposición para acoller refuxiados de Ucraia?

Sra. Presidenta.- Como vostede moi ben sabe nós nos sumamos a poder recoller refuxiados. Sabe vostede que ós refuxiados non se adica cada administración a poñelo en marcha senón que depende da Administración do Estado, nós non só puxemos o Príncipe Felipe a disposición senón que fixemos obras de acondicionamento para que puideran estar e non foi solicitado. Polo tanto aí sigue a disposición das administracións competentes para se fora preciso. Déalle porque senón non lle escoito. Dígame.

Sr. Domínguez Alfonso.- Digo que aínda, se me deixa finalizar, isto é un rogo que estou facendo aquí, a min mo pide un rapaz que estivo no Príncipe Felipe, e me decía, “é unha pena que tendo as instalacións que ten o Príncipe Felipe, onde se poderían acoller moita xente de Ucraia que non se estean facendo todos os esforzos necesarios para que iso se leve a cabo”. Entón, dícialle no anterior Pleno, e llo reitero outra vez, se se pode facer algo máis, pois realmente pois se hai unhas instalacións que se poidan utilizar pois que se estean utilizando e volver a poñelo a disposición da Administración que neste caso decida a onde van.

Sra. Presidenta.- Eu non sei se vostede non entende o que lle dixen pero foi con toda a claridade, lle volvo a repetir, lle volvo a repetir, que nós puxemos a disposición das autoridades competentes a posibilidade de que puideran usarse, polo tanto, sigue sendo a mesma situación. Eu non sei que rapaz do Príncipe Felipe, é como se eu lle dixera que Peter Pan veu á miña casa a dicirme que a ver se poderíamos poñer ó capitán Garfio no seu sitio, é exactamente o mesmo que vostede me plantexa, de verdade que eu non deixo de quedarme sorprendida. O Príncipe Felipe, as instalacións, están a disposición das autoridades competentes que supoño que terán outros espazos que consideran máis axeitados. Así que, Sr.



Domínguez, non lle podo contestar nada máis. Remataron todos os rogos e preguntas que están previstas no Regulamento.

*Desexo Sra. Presidenta Felices Festas.-*

Sra. Presidenta.- Eu quería desexarlles unhas boas festas a todas e a todos, que sexan moi felices coas súas familias e amizades e tamén lles desexo, en nome de todo o goberno e no meu propio, que o 2023 sexa un ano de felicidade persoal para todas vostedes e para todos vostedes, porque eu son das que creo que ó mundo viñemos para intentar ser felices. Así que, intentemos ser felices. ¡Bo día e boas festas e mellor ano!

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as trece horas e dezaseis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

